



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de novembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e quince minutos do día quince de novembro de dous mil dezanove, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(993).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 7 de novembro e extraordinaria e urxente do 11 de novembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(994).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO MANTEMENTO DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DE TERCEIROS (CONTABILIDADE 2019). EXPTE. 8962/113.

Visto o informe xurídico do 4/11/18 e o informe de fiscalización do 5/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/19, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica, o xefe do Servizo, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Antecedentes

O Contrato para o Mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (Contabilidade 2019), foi adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade, por acordo da XGL do 26/07/2019 á empresa *T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.*, por un prezo total do contrato de 62.555,06 euros, incluíndo un IVE de 10.856,66 euros, segundo o seguinte detalle por partidas e exercicio:

Partida	Exercicio	IVE	Base	Importe total
9207.2279902	2019	4.782,28 €	22.772,78 €	27.555,06 €
9311.2279900	2019	6.074,38 €	28.925,62 €	35.000,00 €

O contrato rematará o 31 de decembro de 2019.

II. Fundamentos de dereito

1. O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato preveña expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.
O artigo 303 da citada norma, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo de execución", do PCAP, figura que: "*O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, ...*".
 - No apartado 4.C das FEC figura: "*Prórroga do contrato e en caso afirmativo duración: si, unha prórroga dun ano de duración*".
 - O contratista, manifestou por escrito o día 15-10-2019 o seu interese en proceder coa dita prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 190160641.
3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 62.555,06 euros, dos cales 10.856,66 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:



Concello de Vigo

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2020	4.782,28 €	22.772,78 €	27.555,06 €
9311.2279900	2020	6.074,38 €	28.925,62 €	35.000,00 €
<i>Totais</i>		<i>10.856,66 €</i>	<i>51.698,40 €</i>	<i>62.555,06 €</i>

5. A empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., no transcurso do período contractual ven desenvolvendo os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo estase a prestar de xeito satisfactorio.

Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo de mantemento da aplicación para a xestión da Contabilidade do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "*En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*"

PROPOSTA

1. Autorizar a prórroga do contrato para o Mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (E) -expediente 8761/113- polo período dun ano, conforme o TRLCSP e o apartado 4.c das FEC do PCAP do contrato, á empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.
2. Autorizar o gasto de 62.555,06 euros (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IVE</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279902	2020	4.782,28 €	22.772,78 €	27.555,06 €
9311.2279900	2020	6.074,38 €	28.925,62 €	35.000,00 €
<i>Totais</i>		<i>10.856,66 €</i>	<i>51.698,40 €</i>	<i>62.555,06 €</i>

3. Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desesti-

mación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(995).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “XESTORA DE CONCIERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS-AIE,” PARA A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA O ESTABLECEMENTO, A MELLORA E AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 2606/500.

Visto o informe de fiscalización do 8/11/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 29/10/19, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- De conformidade co regulado nos artigos 28 a 35 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL), así como na Ordenanza Fiscal nº 7 Reguladora de Contribucións Especiais do Concello de Vigo de 26 de febreiro de 1991 (BOP de 21 de marzo de 1991), as Compañías de Seguros que desenvolvan a súa actividade no ramo de incendios e salvamentos no termo municipal de Vigo, son suxeitos pasivos de Contribucións Especiais polo establecemento ou ampliación do servizo de extinción de incendios.

O acordo de imposición foi aprobado en sesión plenaria do 28 de novembro de 1991 (BOP do 14 de xaneiro de 1992).

Segundo.- Por motivos de economía administrativa, dende 1993 e ata a actualidade, o ingreso destas contribucións especiais vense producindo de forma anual pola “Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios” a través dos sucesivos convenios entre o Concello de Vigo e a citada Xestora.

Terceiro.- En expediente 1713/500 e con efectos do 01/01/2012 foi subscrito o vixente convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios”, establecendo a cláusula 2 do mesmo a súa vixencia por prazo de un ano, a partir do 1 de xaneiro de 2012, o cal se entenderá prorrogado tacitamente de ano en ano, salvo que calquera das partes o denuncie con ao menos tres meses de antelación ao termo de cada anualidade.

Cuarto.- “Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios” presentou escritos en datas 17/06/2019 e 19/09/2019 (documentos 190091511 e 190144020) poñendo de manifesto que o Convenio asinado no 2012 ten contemplada a



Concello de Vigo

prórroga tácita de ano en ano e a Lei 40/2015 esixe a adaptación dos convenios xa vixentes dende a súa entrada en vigor (02/10/2016).

Quinto.- En data 22/10/2019 o Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda incoou o presente expediente para a sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Xestora de Concertos para a contribución aos servizos de extinción de incendios- A.I.E., para a liquidación e recadación da contribución especial para o establecemento, a mellora e ampliación do servizo de extinción de incendios, coa necesaria adaptación do mesmo ás previsións contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sexto.- A tal efecto, consta no expediente "MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS - A.I.E., PARA A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA O ESTABLECIMENTO, A MELLORA E A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS", asinada o 28/10/2019 pola Directora de Ingresos e polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda e borrador de convenio, cuxo obxecto se atopa dentro das competencias atribuídas aos municipios para o exercicio da súa potestade tributaria (artigo 4.1.b) da Lei 7/1985), resultando de aplicación ás liquidacións das contribucións especiais do Concello, ás que se refiren os artigos 32 do TRLRFL e 11 da Ordenanza Fiscal municipal n.º 7, cuxo devengo se produza durante o exercicio no que o convenio estea en vigor.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LRLG)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante, LRXSP)
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo (en adiante, TRLRFL)
- Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora das contribucións especiais
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras y reaseguradoras (LOSSEAR)

II.- Obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio o establecemento do réxime de liquidación e recadación das contribucións especiais para o establecemento ou ampliación do servizo de extinción de incendios que se regulan na Ordenanza Fiscal n.º 7 do Concello de Vigo por parte da "Gestora de Concertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios", cuxo devengo se produza durante o exercicio no que dito Convenio estea en vigor.

III.- O Convenio

De conformidade co disposto no artigo 47.1 da LRXSP, os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados so dependentes ou as universidades Públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Son características dos convenios:

- é un acordo de vontades
- as partes atópanse nun plano de igualdade
- deben responder a un interese común: o obxecto do convenio se atopa dentro das competencias atribuídas aos municipios para o exercicio da súa potestade tributaria (artigo 4.1.b) da Lei 7/1985), resultando de aplicación ás liquidacións das contribucións especiais do Concello, ás que se refiren os artigos 32 do TRLRFL e 11 da Ordenanza Fiscal municipal n.º 7, cuxo devengo se produza durante o exercicio no que o convenio estea en vigor.
- pola súa natureza administrativa, corresponde á xurisdicción contencioso-administrativa coñecer as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Tal e como establece a Memoria xustificativa, o presente convenio queda suxeito á regulación efectuada pola LRXSP e queda expresamente excluído da citada Lei 9/2017.

IV.- Necesidade e oportunidade da suscripción do convenio e expresión da competencia implicada. Obrigas e compromisos das partes.

A necesidade e oportunidade de suscripción do presente convenio recóllense na Memoria xustificativa do mesmo, documento obrigado segundo o artigo 50 da LRXSP, que se subscribe para mellorar a eficiencia na xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuir á realización de actividades de utilidade pública, cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. No caso, a sinatura do convenio non obriga financeiramente á administración municipal, pero resulta necesario e oportuno en tanto que facilita a recadación da contribución especial polos servizos aos que se refire o artigo 2 da Ordenanza Fiscal n.º 7 reguladora das contribucións especiais.

A competencia na que se fundamenta a actuación desta administración, que esixe o artigo 49.b) da LRXSP radica no exercicio da potestade tributaria municipal (artigo 4.1.b) da Lei 7/1985) para o establecemento, regulación e xestión do tributo (contribucións especiais), a cuxa obriga de liquidación e ingreso se refire o presente convenio.

O clausulado do convenio proposto se axusta ao previsto no TRLRFL, así como á Ordenanza fiscal n.º 7 do Concello de Vigo, publicada no BOP do 21/03/1991 e acordo de imposición publicado no BOP do 28/11/1991.

A cláusula 4ª refírese ás obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes (artigo 49.d)- LRXSP). De conformidade co estipulado nos apartados B e C desta cláusula, a



Concello de Vigo

Xestora ingresará “ a conta” para cada un dos anos de vixencia do Convenio, o importe do 75% da cantidade que resultaría de aplicar o 5% á totalidade das primas dos seguros de incendio máis o 50% das primas dos seguros multirrisco recadadas dous anos antes por seren os datos últimos coñecidos. Unha vez verificados os importes das primas do ano anterior procederáse á regularización en máis ou en menos da contía que proceda.

A cantidade a conta para o ano 2019 (expediente municipal 2572/500) ascende a 773.946,55€, conforme ás primas declaradas polas aseguradoras socias da Xestora, correspondentes ao ano 2017, que constan no anexo III do convenio. A cantidade anterior regularizouse en 337.630,69€ máis para este exercicio 2019, unha vez coñecidas as primas recadadas no exercicio 2018.

Os importes a recadar e ingresar pola Xestora se imputarán ao concepto 35100 do Orzamento de Ingresos.

IV.- Contido e tramitación

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LRLG establecen o contido e especificacións que deben conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva, outra dispositiva integrada por oito cláusulas e tres anexos.

A parte dispositiva do convenio regula o seu obxecto, recoñecendo a personalidade xurídica, capacidade legal e competencia suficiente das partes para prestar consentimento ao cumprimento das obrigas dimanantes do convenio (artigo 48.8- LRXSP).

No tocante á parte expositiva, o clausulado refírese á competencia- artigo 49.b)-LRXSP (cláusula 1ª); obxecto – artigo 49.c)- LRXSP (cláusula 2ª); ámbito territorial circunscrito unicamente ao territorio termo municipal do Concello de Vigo, delimitado polos códigos postais recollidos no Anexo I (cláusula 3ª); obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes- artigo 49.d)- LRXSP, consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos por cada unha das partes- artigo 49.e) - LRXSP, mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes para resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan plantexarse respecto do seu contido- artigo 49.f)- LRXSP (cláusula 4ª); réxime de modificación do convenio- artigo 49.g) da LRXSP (cláusula 5ª); prazo de vixencia (cláusula 6ª- artigo 49.h) da LRXSP); causas de extinción e resolución – artigo 51 da LRXSP (cláusula 7ª) e natureza e orde xurisdiccional competente (cláusula 8ª).

Da análise das cláusulas do borrador, conclúese o acomodo substancial do contido do convenio ás esixencias da LRXSP e a ausencia de onerosidade (non hai intercambio de prestacións), a súa natureza xurídica de convenio (artigo 47 da LRXSP) e a exclusión do ámbito de aplicación da LCSP.

V.- Procedemento e competencia

Constan no expediente de aprobación do presente convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria xustificativa do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no artigo 214 do TRLRFL.

De conformidade co disposto no artigo 127.1.g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do texto do convenio, para posterior sinatura polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda.

De acordo co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, previa conformidade do Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

Proposta de acordo

Aprobar a proposta do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Xestora de Concertos para a contribución aos servizos de extinción de incendios- A.I.E., para a liquidación e recadación da contribución especial para o establecemento, a mellora e a ampliación do servizo de extinción de incendios, que se achega no expediente, en aplicación do acordo de imposición do 28 de novembro de 1991 e da Ordenanza Fiscal n.º 7 reguladora das contribucións especiais.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A XESTORA DE CONCERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN AOS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS - A.I.E PARA A LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA O ESTABLECIMENTO, A MELLORA E A AMPLIACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS

En VIGO, data da asinado dixital

REUNIDOS

D. JAIME ANEIROS PEREIRA en representación do Excmo. Concello de VIGO, debidamente facultado para iso en virtude de resolución de delegación de competencias de data 18 de xuño de 2019 (en diante "CONCELLO").

D^a. Pilar González de Frutos, en representación da Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios - A.I.E. (en diante, "XESTORA"), designada pola Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras (UNESPA), en virtude do establecido no artigo 17 dos Estatutos desta Agrupación, para que a represente no desempeño do cargo de Administrador Xeneral Único da expresada XESTORA, que actúa a súa vez en representación das Entidades Aseguradoras con sede social ou establecemento en España, e das que operan desde outros Estados membros da Unión Europea en réxime de Libre Prestación de Servizos, incluídas no Anexo II.



Concello de Vigo

EXPOÑEN

I.- Que ambas partes, en base á Ordenanza Fiscal reguladora da Contribución Especial para o establecemento, a mellora e a ampliación dos servizos de prevención e extinción de incendios (en diante, "CONTRIBUCIÓN"), en vigor, publicada no B.O. da Provincia de Pontevedra de data 21 de marzo de 1991, subscriben o presente Convenio para o pago da CONTRIBUCIÓN dos servizos aos que se refire o artigo 2 e 6.2. c da ORDENANZA FISCAL, ao amparo dos arts. 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sobre réxime xurídico do sector público (LRXSP); arts. 4, 26.1 c) e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL); dos arts. 35.4 e 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT); os arts. 30.2. c) e 32.1. b) e a disposición adicional décimo séptima, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRHL); e a disposición adicional décimo cuarta da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras (LOSSEAR).

II.- En cumprimento do artigo 50.1 da LRXSP, acompáñase ao presente Convenio a correspondente memoria xustificativa onde se analiza a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade que é obxecto do presente Convenio e o cumprimento no mesmo de todo o previsto na citada LRXSP, incluíndo a xustificación dos requisitos de validez e eficacia do Convenio conforme os números 2, 3, 4 e 5 do artigo 48.1 da devandita Lei 40/2015.

III.- Recoñecéndose reciprocamente personalidade xurídica, capacidade legal e competencia suficiente para a prestación de consentimento ao cumprimento das obrigacións do presente convenio que, conforme ao artigo 48.8 da LRXSP, quedará perfeccionado desde a súa firma, ambas as partes asumen os compromisos establecidos nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Competencia na que se fundamenta a actuación da Administración pública (artigo 49. b da LRXSP).

A potestade tributaria exercitada polo CONCELLO para o establecemento do tributo ao cumprimento de cuxa obrigación de ingreso ven referido o presente Convenio.

Segunda.- Obxecto (artigo 49. c da LRXSP).

O presente Convenio será aplicable ás liquidacións tributarias da CONTRIBUCIÓN ESPECIAL ao CONCELLO, ás que se refire o artigo 32 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRHL e 11 ORDENANZA FISCAL Nº 7, cuxo pagamento se produza durante o exercicio en que devandito Convenio estea en vigor.

Terceira.- Ámbito territorial.

Será aplicable o Convenio unicamente ao territorio termo municipal do CONCELLO DE VIGO, o cal estará delimitado pola relación de códigos postais que achega o mesmo, e que se recollen no Anexo I. No caso de que o CONCELLO incorrese en disputa respecto a a asignación dun código postal con calquera outra entidade local ou comunidade autónoma, coa que a XESTORA tivese asinado un convenio de colaboración, o conflito deberá ser resolto entre as administracións involucradas, quedando en suspenso a liquidación do tributo entre tanto non se resolva a disputa.

En calquera caso, non poderán ser incluídos no ámbito xeográfico de aplicación deste Convenio, aqueles códigos postais que queden fora do territorio do municipio, aínda cando o CONCELLO preste o servizo de extinción de incendios nestes.

Cuarta.- Obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes (art. 49.d da LRXSP). Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes (art. 49.e da LRXSP). Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, para resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto do contido do presente Convenio (art. 49. f da LRXSP).

A.- Prazos para a notificación de primas recadadas.

O presente Convenio subscríbese sobre a base das primas recadadas, declaradas ao Consorcio de Compensación de Seguros (en diante, " CCS") polas entidades aseguradoras adheridas á XESTORA, correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior á anualidade en que se aplique o Convenio, que se refiran a bens situados no ámbito territorial do CONCELLO, conforme ao indicado na cláusula Terceira.

As primas que fosen declaradas á XESTORA polo CCS, comunicaranse ao CONCELLO como moí tarde o 30 de xuño de cada anualidade (segundo o establecido no apartado 3 da disposición adicional décimo cuarta da LOSSEAR), para que pola Corporación poidanse realizar as comprobacións que se consideren procedentes, a condición de que o CCS puxese ao dispor da XESTORA a información necesaria antes de devandito prazo. De haber algunha demora por causas non imputables á XESTORA, esta última comunicará as primas recadadas ao CONCELLO no prazo de sete días hábiles, a contar desde a recepción da información, non puidéndose considerar neste caso que a XESTORA incorrese nunha declaración extemporánea dos datos necesarios para o cálculo da cota para liquidar.

B.- Obrigas da Xestora.

A XESTORA, en representación das entidades aseguradoras, suxeitos pasivos da CONTRIBUCIÓN, obrígase a aboar ao CONCELLO, para cada un dos anos de vixencia do presente Convenio, a cantidade resultante de aplicar o 5 % sobre o 100 % das primas dos seguros de incendios e sobre o 50% das primas dos seguros multiriscos, do ramo de incendios, recadadas no ano inmediatamente anterior e que se refiran a bens situados no ámbito xeográfico do CONCELLO.

Na súa virtude, no primeiro ano de vixencia do Convenio, 2020, ingresaranse as cantidades correspondentes ás primas recadadas durante 2019 e así sucesivamente nas seguintes anualidades obxecto deste convenio e das súas prórrogas.

C.- Anticipo a conta.

As entidades aseguradoras adheridas á XESTORA aboarán, previo requirimento escrito do CONCELLO, unha cantidade a conta do importe da cota global que corresponda liquidar na anualidade, equivalente ao 75% da cantidade resultante de aplicar o sistema de cálculo indicado no apartado B ás primas de dous anos anteriores á anualidade que corresponda.



Concello de Vigo

A cantidade anterior regularizarase, en máis ou en menos, na contía que proceda, unha vez que se coñezan as primas recadadas no ano inmediatamente anterior, conforme ao establecido no apartado D.

A cantidade a conta para o ano 2019 ascende a 773.946,55 € (setecentos setenta e tres mil novecentos corenta e seis euros, con cincuenta e cinco céntimos), conforme ás primas declaradas polas aseguradoras socias da XESTORA, correspondentes ao ano 2017, que constan no Anexo III.

A cantidade anterior regularizouse, en 337.630,69€ máis, para este exercicio 2019, unha vez coñecidas as primas recadadas no ano 2018, conforme ao establecido no apartado D.

D. - Liquidación de cotas tributarias.

Se o CONCELLO estivese de acordo cos datos achegados pola XESTORA, remitirá a esta un requirimento por escrito para que proceda ao abono da cota correspondente (anticipo a conta ou regularización da cota global), indicando o número de conta corrente no que deba realizarse o pago.

A cota será satisfeita no prazo dos quince días laborais seguintes á recepción na XESTORA do mencionado requirimento de pago, a condición de que a súa carta de pago non estableza un prazo superior. A cantidade a conta poderá ser requirida a partir do 30 de abril e a regularización da cota global a partir do 30 de xuño de cada un dos respectivos exercicios.

As compensacións internas que no seu caso procedan polo distinto signo das cotas resultantes de cada entidade asociada serán responsabilidade exclusiva da XESTORA.

E. - Discrepancia sobre as cantidades declaradas pola Xestora.

Se non houberse acordo respecto a os datos achegados sobre o importe de primas declaradas, estableceranse os contactos pertinentes entre o CONCELLO e a XESTORA para aclarar e liquidar as discrepancias existentes, modificándose no seu caso, o importe nos termos que proceda. Con todo, a falta de acordo das partes sobre o importe das primas será causa de resolución do presente Convenio, segundo o establecido na cláusula Sétima.

F. - Recadación da cota pola Xestora.

A XESTORA recadará das entidades aseguradoras, suxeitos pasivos da CONTRIBUCIÓN ao CONCELLO, en cuxa representación actúa, a cantidade estipulada na letra B da presente cláusula, e que constitúe a cota global da CONTRIBUCIÓN ESPECIAL correspondente ao exercicio obxecto do Convenio ou aos correspondentes a cada unha das súas prórrogas.

G. - Extinción da débeda tributaria das aseguradoras.

O pago realizado pola XESTORA ao CONCELLO, das cantidades expostas na letra B da presente cláusula, sen prexuízo, no seu caso, dos procedementos de comprobación ou inspección que poidan incoarse, extinguirá a débeda tributaria das entidades aseguradoras a ela adheridas, para cada un dos exercicios que, conforme ao establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL e na ORDENANZA FISCAL

reguladora da CONTRIBUCIÓN ESPECIAL ao CONCELLO, corresponda aos obrigados tributarios da mesma.

H.- Carácter reservado dos datos.

De conformidade co establecido no artigo 95 LXT, a información obtida polo CONCELLO en cumprimento das obrigacións previstas neste Convenio terá carácter reservado e só poderá ser utilizada para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos que teña encomendados ou para a imposición das sancións que procedan, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros salvo nos supostos legalmente previstos.

O CONCELLO adoptará as medidas necesarias para garantir a confidencialidade da información subministrada pola XESTORA e o seu uso adecuado.

I.- Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

Ao obxecto de velar pola implantación e cumprimento deste Convenio e garantir a súa eficacia, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control, créase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por tres representantes nomeados polo CONCELLO, un dos cales actuará en calidade de Presidente, e outros tres nomeados pola XESTORA, un dos cales actuará como Secretario.

En calidade de asesores, con dereito a voz, pero sen voto, poderán incorporarse outros funcionarios ou técnicos designados por calquera das partes. Esta Comisión será competente para examinar os resultados e incidencias que suscite a execución do Convenio, así como para resolver as controversias que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento.

La Comisión reunirse a instancia de calquera das partes, e rexerese en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non contemplado na presente cláusula, polo disposto na Sección terceira do Capítulo segundo da LRXSP.

Quinta.- Réxime de modificación (artigo 49.g da LRXSP).

A modificación do contido do presente Convenio requirirá acordo unánime dos asinantes do mesmo.

Sexta.- Prazo de vixencia (artigo 49.h de la LRXSP).

O presente Convenio estará vixente polo prazo de CATRO anos, con efecto a partir do 1 de xaneiro de 2020. Antes da finalización dese prazo, poderá ser obxecto de prórroga, por unha soa vez ata un máximo de catro anos adicionais, requiríndose acordo unánime para a devandita prórroga.

Non obstante o anterior, en calquera momento durante a súa vixencia, o presente Convenio poderá ser revisado de mutuo acordo a instancia de calquera das partes.

Séptima.- Causas de extinción e resolución (artigo 51 da LRXSP).

O presente Convenio extínguese pola expiración do seu prazo de vixencia, ou por incorrerse en causa de resolución. Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.



Concello de Vigo

- c) *Pola existencia de discrepancias nos datos de primas do exercicio de referencia achegados pola XESTORA e que non se puideron solucionar entre as partes, conforme ao establecido na letra D da cláusula Cuarta.*
- d) *Pola exacción dun tributo distinto á CONTRIBUCIÓN obxecto do presente Convenio, cuxo feito impositivo estea en relación co establecemento, a mellora e ampliación dos servizos de prevención e extinción de incendios do CONCELLO.*
- e) *Pola exacción da taxa de mantemento dos servizos de prevención e extinción de incendios do CONCELLO, cuxo ámbito territorial sexa o mesmo que o deste Convenio.*
- f) *En xeral, polo incumprimento de calquera das partes das obrigas que se derivan do presente Convenio.*

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será notificado á Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento a que se refire a letra H da Cláusula Cuarta, como responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio.

Se transcrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.

Aos efectos do artigo 52 da LRXSP, ambas as partes establecen que en ningún caso, a resolución do Convenio suporá obriga de indemnizar a calquera das partes asinantes.

- g) *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.*
- h) *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.*

Oitava.- Natureza e orden xurisdiccional competente.

O presente Convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e desenvolvemento, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

E para que conste asinan devandito documento, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados.

4(996).- ANULACIÓN PARCIAL DA RESERVA DE CRÉDITO DO “PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2019”. EXPTE. 179223/301.

Visto o informe de fiscalización do 6/11/19, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, a secretaria de Admón. Municipal e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2018, adoptou o acordo de aprobar o Marco de Actuación para o Desenvolvemento do Programa de prestacións individuais municipais non periódicas de emerxencia social para o ano 2019 (Exp. nº 179223/301).

II. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

III. Aprobouse neste acordo autorizar o gasto por 842.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.0000 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2019 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.0000 “Melloras en fogares” para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

IV. Ademais, o Concello de Vigo complementa esas axudas de emerxencia a través do Programa Municipal de Axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación incluíndo no seu orzamento a aplicación orzamentaria nº 2310.480.0002 “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. enerxética” por 1.640.000,00€ xa que os servizos sociais municipais, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

V. Por outra banda, en relación ao Programa de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor, estamos en trámites de proceder a súa resolución. O gasto imputado de comedor, segundo as Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 30/05/2019, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.0000 “Becas, libros e comedor” é de 1.090.000€ o que implicaría conceder o comedor a 2829 escolares. A intención de esta Concellería é reducir a lista de espera ata o máximo posible para o cal, este crédito inicial poderase incrementar ata a contía máxima de 120.000€ (segundo o establecido nas Bases).

VI. Así, tendo en conta o estado de execución do orzamento, o gasto realizado e previsto no Programa de prestacións individuais municipais de emerxencia social (aplicación nº 2310.480.0000) permite dispoñer de 100.000,00€ sen que afecte ao normal funcionamento da Concellería. Por tanto, faise necesario minorar a reserva de crédito nº 201900002230 nesta cantidade (100.000,00€), de forma que incremente o saldo da bolsa de vinculación xurídica á que pertence a aplicación orzamentaria 2310.481.0000 “Becas, libros e comedor” que nos permitiría conseguir o noso obxectivo.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería PROPOÑER á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Anulación parcial do RC nº 201900002230 da aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” na cantidade de



Concello de Vigo

100.000,00 € co fin de acometer gastos imprescindibles para o normal funcionamento do Departamento, entre os que se encontra o Programa de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor co fin de reducir a lista de espera de comedor.

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(997).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2299/341.

Visto o informe de fiscalización de data 7/11/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 31/10/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xullo de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de abril de 2019, redactadas polo xefe do servizo de Museos, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 9 de xullo de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 936.375,44 €, co IVE incluído (novecentos trinta e seis mil trescentos setenta e cinco euros, con corenta e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 162.511,44 € € (cento sesenta e dous mil cincocentos once euros, con corenta e catro céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

Exercicio 2019.- 136.554,75 € (Servizo de atención ao público: 119.361,56 € e servizo de coordinación: 17.193,19 €); con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.05 (Servizos de atención ao público): 75.683,62 €. Diferencia a financiar en 2019: 60.871,13 €; 40.000 € con cargo á aplicación 3330.227.99.07 (Coordinación, monitoraxe exposicións CAT) e 20.871,13 € con cargo á aplicaición 3330.227.99.10 (Funcionamento do CAFVI).

Exercicio 2020.- Financiamento do importe de licitación: 468.187,72 € €/anuais (servizos de atención ao público 409.239,65 €; coordinación: 58.948,07 €), con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación; aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

Exercicio 2021.- Financiamento do importe de licitación: 331.632,97 € (servizos de atención ao público 289.878,09 €; coordinación: 41.754,88 €). Aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP :

- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)
- OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,75
2	EULEN, S.A.	57,65

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., o día 22 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 29 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS SECURITAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS SECURITAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis

mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 11 e 15 de outubro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
 - *SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)*
 - *OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)*
2. *Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.*
 - b) *Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(998).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP 2001-CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO”. EXPTE. 108/441.

Visto o informe de fiscalización de data 11/11/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 11/11/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



Concello de Vigo

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de maio de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO", suscrito pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS TRESCENTOS ONCE MIL DEZASETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (3.311.017,39 EUROS), de data abril de 2018, e con firma dixital de datas 20 e 25 de abril de 2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 20.05.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "TRES MILLÓNS TRESCENTOS ONCE MIL DEZASETE EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS" (3.311.017,39 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 574.639,38 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.09 "C. DEP.2ª ANUAL.IGREXA BEADE-GARRIDA, TRAMO REGATO", de acordo coas seguintes anualidades:

2019: 2.724.643,42 euros

2020: 586.373,97 euros

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento os días 9 e 10 de outubro de 2019:

1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
2. UTE AUDECA, S.L.U. y MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	97,94
2	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	95,55
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	93,30
4	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	92,02
5	UTE CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. – CONSTRUCCIONES JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS, S.A.	84,34
6	NAROM, S.L.	83,12
7	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	82,16
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	75,27
9	COPCISA, S.A.	72,87

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o día 22 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 6 de novembro, dentro do prazo concedido.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de setembro e 16 de outubro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da resolución da concelleira delegada de Contratación de data 17 de outubro de 2019 pola que se exclúe deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial de Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento os días 9 e 10 de outubro de 2019:*

- **CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.**

- UTE AUDECA, S.L.U, y MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
2. Adxudicar á UTE ORECO, S.A.U. - NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de "humanización estrada provincial 2001- Calvario A Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), lugar de Porto" (108-441) por un prezo total de 2.455.119,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 426.095,10 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(999).- DECLARAR DESERTOS OS LOTES 1 E 4 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN XERAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCIERO POSTERIOR E AUDITORÍA NO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS E ENTIDADES DEPENDENTES. EXPTE. 102724/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión de data 7/11/19, que di o seguinte:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140)



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 18 de outubro de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 4 de novembro.

Terceiro.- Unha vez aberta a única proposición presentada a este procedemento, a Mesa de Contratación, na sesión do 7 de novembro de 2019, comprobou que o único licitador presentado se presentou aos lotes 2 “Control financeiro de subvencións” e 3 “Auditoría fundacións”, polo que non se presentou proposición ningunha aos lotes 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais” e 4 “Auditoría de contas Xerencia de Urbanismo”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición aos lotes 1 e 4 deste procedemento, tal e como se comprobou pola Mesa de Contratación coa apertura da única proposición presentada, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes 1 “Control financeiro posterior de ingresos municipais” e 4 “Auditoría de contas Xerencia de Urbanismo” do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención Xeral municipal para a realización das actuacións de control financeiro posterior e auditoría no Concello de Vigo e organismos e entidades dependentes (102.724-140) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1000).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL POLA QUE SE DESESTIMA O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUXILIARES

NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUN ALULA DE ESTUDIO DA UNED NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO CONGRESOS. EXPTE. 23062/332.

Dáse conta da proposta de data 11/11/19, asinado pola xefa do Sevizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 247/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 273/2019, interposto por por SERVICIOS SECURITAS, S.A. contra a adxudicación dun contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio Auditorio-Pazo de Congresos, expediente 23062-332 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por SERVICIOS SECURITAS, S.A. contra a adxudicación dun contrato de servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio Auditorio-Pazo de Congresos, expediente 23062-332 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(1001).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 18809/332.

Dáse conta do informe-proposta de data 7/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado de Educación, D Gorka Gómez Díaz, da conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Educación no terceiro trimestre de 2019, e que son os que deseguido se relacionan.

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
23819-332	SERVIZOS DE INSPECCIÓN ASCENSORES DIVERSOS COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO	30-09-2019	237,16



Concello de Vigo

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE €
23780-332	SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE DETECTORES OPTICOS DE HUMOS NA E.I. TOMÁS ALONSO	30-08-2019	471,90
23732-332	REPOSICIÓN DE EXTINTORES CADUCADOS NA ESCOLA INFANTIL SANTA CRISTINA E NO IME	12-08-2019	512,68
23694-332	SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPO PORTÁTIL DE AIRE ACONDICIONADO NA GARDERÍA STA. MARTA	03-07-2019	1.802,90
23715-332	REPARACIÓN URGENTE, E AXUSTE DE VENTÁS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA	01-08-2019	2.334,09
23701-332	RETIRADA URGENTE DE ÁRBORE PERIGOSO NA E.I.M. TOMÁS ALONSO	10-07-2019	786,50
23688-332	REPARACIÓN URGENTE DE TUBAXES DE AUGA NO CEIP TRAVESAS ALTAMAR	10-07-2019	1.479,83
23686-332	APLICACIÓN DE RESINA ACRILICA EN PISTA POLI-DEPORTIVA DO CEIP VALLADARES IGREXA	19-07-2019	6.594,50

EXPTES	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS	DATA	IMPORTE
743/613	CONTRATO MENOR SUBMINISTROS ADQUISICIÓN CORREAS PARA TORNO GATES POLYFLEX BELFT ESPECIALIDADE CAIM ZANFONA	02-07-2019	60,50
752/613	CONTRATO MENOR ADQUISICIÓN TABLONES ESPECIALIDADE PINTURA (EMAOHAUS)	08-07-2019	58,69
753/613	CONTRATO MENOR ADQUISICIÓN TELAS ESPECIALIDADE MODA E CONFECCIÓN (EMAOHAUS)	10-07-2019	119,79
754/613	CONTRATO MENOR ADQUISICIÓN MADEIRAS ESPECIALIDADE ESCULTURA E TALLA NA MADEIRA (EMAOHAUS)	08-07-2019	225,00
756/613	CONTRATO MENOR SERVIZOS REPARACIÓN MAQUINARIA (SERRA INGLETADORA) ESPECIALIDADE CAIM ZANFONA	17-07-2019	143,93
763/613	CONTRATO MENOR SUBMINISTROS ADQUISICIÓN MATERIAL ESPECIALIDADE CERÁMICA ARTÍSTICA	17-07-2019	2.273,95
769/613	CONTRATO MENOR SUBMINISTROS ADQUISICIÓN PILAS, CINTA DOBLE CARA, TOPES PORTAS	31-07-2019	25,20
774/613	CONTRATO MENOR ADQUISICIÓN TABLONES AGLOMERADO PARA REALIZACIÓN DE TARIMA EXPO. ENCAIXE DE PALILLOS	11-09-2019	36,12
780/613	CONTRATO MENOR ADQUISICIÓN VINILO BLANCO EXPOSICIÓN 130 ANOS NA HISTORIA DE VIGO	18-09-2019	213,57

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(1002).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA” PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019). EXPTE. 16711/77.

Visto o informe de fiscalización de data 8/11/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 15/10/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á promoción da cultura, o apoio ás iniciativas de promoción turística e á promoción do emprego.

En desenvolvemento das actuacións previstas en dito Protocolo, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, tense tramitado o convenio de colaboración asinado en expte. 16.712/77 para desenvolvemento da Feira Internacional das Teconoloxías do Metal (Mindtech-2012), para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias do Metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas.

Unha vez asinado o referido convenio, o concello debe tramitar o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME, CIF G36614774, titular da organización da citada Feira), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do referido convenio.

II. A “Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME)” (G36614774), achega memoria para a realización da primeira FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019”, remitida en data 02/09/2019 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W371104-3421), xuntando a seguinte documentación para tramitación do presente convenio co Concello:

- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias frónte á AEAT expedido en data 02/09/2019.
- certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias frónte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 02/09/2019.



Concello de Vigo

- certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 02/09/2019.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartado 2 da Lei de Subvencións de Galicia.
- declaración responsable de axudas solicitadas e/ou concedidas por outras entidades públicas ou privadas para o mesmo proxecto subvencionado para fomento do emprego.
- memoria do proxecto subvencionado
- orzamento de ingresos e gastos

III. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta creada a partida 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

IV. En data 05/09/2019, o Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME)" (G36614774), dun convenio para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019 .

V.- A tal efecto, consta no expediente memoria xustificativa do convenio, asinada pola técnica de administración xeral, co conforme do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e borrador de convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste expediente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000 € á "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME" (CIF G36614774), que se instrumentaliza a través do convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019), celebrada os días 10,11 e 12 de setembro de 2019, cara a dinamización e fomento do emprego.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e cultural, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei, en atención á singularidade da entidade beneficiaria e o carácter extraordinario da subvención proposta que motiva o presente procedemento.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado proposto polo entidade.

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá.

Pola outra parte, asinará o convenio don Justo Sierra Rey, na súa condición de presidente da asociación, segundo resultou acreditado no expediente.

IV. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal, resultando unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con



Concello de Vigo

fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

V. Normativa de aplicación:

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 100.000,00 € imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

Non se contempla a posibilidade de tramitar un pago anticipado.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma das obras subvencionadas.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, pois corresponde á Xunta de Goberno Local a adopción do devandito acordo de aprobación do convenio e, con carácter previo, de aprobación do gasto (artigo 31 LSG).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións



Concello de Vigo

competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774).

Segundo.- Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 “FEIRA METAL_MINDTECH”, dos que 55.000,00 € corresponden ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019 e 45.000,00 € son a aportación da Deputación de Pontevedra conforme ao convenio asinado en expte. 16712/77 e, comprometer o mesmo a favor da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774), para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, don Abel Losada Álvarez, para asinar o citado convenio, en caso de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Cuarto: Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” (G36614774) PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019”

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Justo Sierra Rey, actuando en calidade de Presidente da “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, con CIF G36614774 con sede en Vigo na Avenida do Doutor Corbal, nº 51, no seu nome e representación.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

Que o Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais de índole internacional, estatal e autonómica, que redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.

E, de conformidade co anterior

MANIFESTAN

I.- Que a “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA”, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar e que consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1222-14, organiza a primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019 (Metal Industry and Technologies International Trade Fair), a feira industrial referente no Polo Ibérico celebrada en Vigo do 10 ao 12 setembro.

II. Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíuse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal, polo que esta cita representa unha oportunidade para potenciar conxuntamente a capacidade das industrias do metal do noso entorno, e os valores turísticos de Vigo e das Rías Baixas, tendo en conta as oportunidades que se desenvolven no ámbito destas citas que teñen unha incidencia internacional, e as converten nun gran escaparate para as cidades que as promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación, tendo participado na mesma profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estruturas Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc.



Concello de Vigo

III. Que para o desenvolvemento desta iniciativa o Concello de Vigo conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra, en virtude do convenio de colaboración asinado en expte. 16.712/77 para establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias do Metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración da primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polos económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

IV. Que segundo a memoria remitida pola entidade en data 02/09/2019 a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (W371104-3421), a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME" conta na actualidade con máis de 600 empresas asociadas representativas das actividades de automoción, metalmecánica e transporte; naval, marítima, e enerxías marinas; construcións e estruturas metálicas; aeronáutica; aluminio: extrusión, carpintería e cerramentos; ascensores e elevadores; servizos complementarios: logística, sistemas de información e comunicación e é por isto, polo que ASIME asume o liderazgo, en atención aos seus obxectivos e competencias, na creación da primeira Feira MindTech, a fin de potenciar e promocionar o sector industrial e metalúrxico galego, na que as empresas locais poidan amosar todo o potencial que se ten en Galicia, creando oportunidades de negocio tanto locais, coma nacionais e internacionais, dándose cita na feira as empresas líderes do sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas, a nivel nacional e internacional.

V. Que o Concello de Vigo considera que a FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019 ten un interese público, económico e social en base aos datos de expositores e visitantes dos que dispón a organización, que estiman unhas cifras de inversión na cidade por mor do evento que reflicten que o gasto aproximado en negocios e establecementos locais se cifra nun total de aproximadamente 2.000.000 €. Que se espera unha cifra de 5.000 visitantes diarios, que sumados aos 800 traballadores das empresas expositoras e os 50 compradores internacionais darían un total de 6.000 persoas movilizadas por día. Dese total, se estima que un 35% dos participantes non pertencen á área metropolitana Viguesa. Por outro lado, tense analizado a estimación de creación de negocio da feira, indicando que de varios análises realizados pola organización a feria creará colaboracións e negocio entre empresas por un valor perto dos 5.000.000 €.

VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2019 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", para conceder directamente, con carácter excepcional, segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2019, unha subvención directa por razóns de interese público,

económico e social, como é a celebración da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019.

V.- Que a "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA", con CIF G36614774, non esta incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG), áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións directas, os interviñentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA", con CIF G36614774 comprométese a:

1º.- Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, colaborando coa Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego no sector industrial, metalúrxico, metalmecánico e das tecnoloxías asociadas, e ao fomento do emprego directo e indirecto, derivado da organización da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019, contribuíndo ao mantemento dos postos de traballo da Asociación en Vigo adicados á organización do evento e á dinamización da actividade económica da cidade e fomento de emprego derivado da organización da feira internacional a través dos provedores locais contratados: instaladores/montadores, servizos de limpeza, publicidade e maquetación, audiovisuais, e ao impacto na hostalería e comercio.

2º.- Adoptar as medidas de difusión previstas na cláusula sexta.

3º.- Dispor dos permisos, autorizacións e seguros necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5º.- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6º.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando cantas información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.

Segundo.- **O CONCELLO DE VIGO**, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa "ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA" na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.



Concello de Vigo

2º.- Conceder á “ASOCIACIÓN DE INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA” unha subvención por importe de 100,000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410 4700005 “FEIRA METAL_MINDTECH” mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da Intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade:

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menos que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas co seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta Asociación no ano 2019.

Séptimo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

*Oitavo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo máximo que remata o día **15 de novembro de 2019** o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá achegar unha conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace*

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>, na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- *Solicitud de abono da subvención.*

- **Declaración responsable asinada electronicamente** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

- **Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electronicamente** xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- **Memoria económica asinada electronicamente** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial):

- *en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non orzamentados na memoria*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*



Concello de Vigo

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificaranse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

- **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no

prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Noveno.-Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2019, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministración ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefatura do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento das subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 LXS e 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Décimo sexto.- A participación do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e a entidade ou coas persoas participantes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, xx de outubro de 2019.

11(1003).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO”. EXPTE. 16088/77.

Visto o informe de fiscalización de data 6/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 5/11/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 14 de marzo de 2019, aprobouse a “Convocatoria e a bases reguladoras das “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO ANO 2019 EXPTE 16088/77”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 56, do 21 de marzo de 2019 e o extracto da convocatoria remitidos pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 58 de data 25 de marzo de 2019 e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (26/03/2019 ao 08/04/2019).

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante o emprendemento en entornos colaborativos establecen unha financiación da mesma por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio presupostario (2019) de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que a persoa traballadora autónoma ou micropeme solicitante cumpra con todos os requisitos esixidos nas bases, o 80% dos custes de aluguer de espazos de traballo e para eventos puntuais, cun máximo de 1.500,00€.

O concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con data 01/08/2019, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo-segunda, apartado 3, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Carla Candia Paz	Xefa do servizo (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019)
Vogal 2	Titular	Ana M. Mouriz Martínez	Coordinadora

E actuando como secretaria da Comisión a Vogal 2, con voz e voto.

- A Comisión de valoración en xuntanza de data 01/08/2019, procedeu á avaliación das solicitudes presentadas nos termos do disposto na Base 12ª.5, deixando constancia en acta asinada por todos os membros asistentes do resultado da avaliación debidamente motivada tal e como consta no expediente.
- Dacordo co previsto na Base 12ª.5, con data 02/08/2019 formúlase informe-proposta de resolución provisional asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.- (Por atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/2019) e técnica de administración xeral, co conforme dos concelleiros de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e o de Orzamentos e Facenda, no que se concretan as solicitudes desestimadas con expresión da súa causa e as estimadas, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os



Concello de Vigo

beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

- Da devandita proposta deuse trámite de audiencia aos interesados a fin de que no prazo de dez días puidesen achegar as alegacións que estimasen pertinentes, facendo constar que a devandita proposta non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.
- Dacordo co establecido na Base 12ª.6, a Comisión de Valoración procedeu ao exame e valoración das alegacións achegadas, segundo consta en acta de data 27/08/2019, onde, logo do exame das alegacións, procedeu á formulación da proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local.
- Enviada a proposta de resolución definitiva á Intervención Xeral Municipal para informe de fiscalización, o devandito departamento manifesta en conversas mantidas a realización dunhas determinadas modificacións; polo que a Comisión de valoración en xuntanza de data 08/10/2019 realiza as devanditas modificacións, e que reflicte do seguinte xeito:

“...

De acordo coas conversas mantidas co persoal do departamento de Intervención e tras a revisión das solicitudes desta convocatoria de subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo por parte deste departamento, realízanse as seguintes modificacións seguindo as indicacións dadas:

1.- Detéctase erro na baremación do expdte. Nº 16400/77 correspondente á solicitude de CREACIÓN Y DESARROLLO NOVO S.C., xa que no apartado correspondente ao nº de empregados non se lle asignaron os 2 puntos correspondentes ao primeiro empregado, poñendo no seu lugar 1 punto por erro. Deste xeito a puntuación total correspondente á baremación da solicitude desta empresa pasa de 8 a 9 puntos.

2.- Corríxese a cantidade solicitada por Mª ESTHER MONTES PÉREZ, expdte. Nº 16385/77, xa que a devandita cantidade non se axusta ao precio de aluguer do espazo de coworking que se indica no contrato aportado. Aínda que se lle solicitaron as facturas correspondentes a este ano por medio de dous correos electrónicos (tal e como figuran na tramitación deste expediente) e diversas chamadas telefónicas (ás que non contestou) non as aportou, polo que o total da subvención solicitada debe tomar como referencia o custe de aluguer que se reflexa no contrato, de xeito que, en vez de 959,20€ corríxese de oficio esta cantidade pasando a ser 914,40€.

3.- Corríxese a cantidade solicitada por IAGO ARAÚJO MOLINA, expdte. 16445/77, xa que a devandita cantidade non se axusta ao precio de aluguer do espazo de coworking que se indica no contrato aportado nin ao indicado ás facturas aportadas deste ano 2019. Polo tanto, corríxese de oficio esta cantidade, pasando a ser 648,00€ e non os 660,96€ que figuran na solicitude.

2.- Novo reparto económico.

De acordo ao exposto no apartado anterior relativo ás modificacións indicadas polo departamento de Intervención, indícanse nas táboas seguintes a baremación modificada e o cálculo do novo reparto económico:

Nº Expte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMACIÓN (Total)	1. Nº Empleados		2. Empr.<30		3. Calidade xustificación convoc. Anterior				Antigüidade constit.	
					a) 1º trab.	b) Trab. A máis	a) Por cada trab.	X>85%	50%<X<=85 %	25%<X<=50 %	Der./Ren.	a) alta 2018	b) Antes 2018	
16382-77	HELENA MONTEAGUDO ALONSO	53185543K	286,00 €	9	2		2						5	
16383-77	LETICIA PEREZ PRIETO	36163479G	864,00 €	9	2				5					2
16384-77	PATRICIA LOPEZ LOPEZ	36134358R	696,96 €	4	2									2
16385-77	MARIA ESTHER MONTES PEREZ	36058487F	959,20 €	9	2				5					2
16386-77	MARIA MERCEDES PRADOS COSTOYA	36078451F	959,20 €	9	2				5					2
16387-77	DAVID VAZQUEZ GARCIA	44482311N	1.094,40 €	9	2				5					2
16388-77	JUAN MANUEL FERNANDEZ COLLAZO	76992158A	1.008,00 €	9	2				5					2
16389-77	JORGE ANTONIO LIZ MONTES	36086934A	1.067,20 €	9	2				5					2
16390-77	CONDE MENSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURAI SL	B32253189	1.500,00 €	6	2	2								2
16391-77	XABIER FERREIRO PRADO	36093070K	1.500,00 €	9	2				5					2
16393-77	DESARROLLO E INNOVACION MEDICA CB	E27822725	850,91 €	9	2				5					2
16396-77	ALEJANDRO MARCOS GUERRERO	36108538X	1.008,00 €	9	2				5					2
16397-77	YNEDDS YOUR INTELLIGENT IMAGING COMPANY SL	B70415062	1.500,00 €	4	2									2
16398-77	ANTONIO GUTIERREZ PEREIRA	36104070G	1.008,00 €	9	2				5					2
16399-77	IVAN DIVULGACION CULTURAL SL	B36917201	1.080,00 €	11	2	2			5					2
16400-77	CREACION Y DESARROLLO NOVO SC	J27860436	1.296,00 €	9	2			2					5	
16401-77	A TROITA DE PE DESEÑO E COMUNICACION CB	E27833735	1.440,00 €	10	2	1			5					2
16402-77	DOSVALOR JH SL	B36766483	1.500,00 €	10	2	1			5					2
16403-77	FRANKIE THE KING SL	B27863463	1.500,00 €	9	2			2					5	
16404-77	MODA DELADOSALADOCE SRL	B27842731	1.500,00 €	10	2	1			5					2
16405-77	SOFIA CAMACHO CAMBEIRO	36141320V	1.500,00 €	9	2				5					2
16406-77	O CABLE INGLES S COOP GALEGA	F27768563	940,80 €	12	2	3			5					2
16407-77	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL	B27803600	1.500,00 €	13	2	2	2		5					2
16409-77	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	1.500,00 €	14	2	4	6							2
16410-77	GALCONNECT COMUNICACIONES SL	B27863844	1.340,67 €	8	2	1							5	
16411-77	JAVIER PELETEIRO NIETO	36134967N	1.056,00 €	8	2					4				2
16412-77	ANDRES EDUARDO TERRAZA PEREZ	54337582J	480,00 €	8	2					4				2
16416-77	PEREZ IGLESIAS FERNANDO MIGUEL	36117385V	1.080,00 €	9	2				5					2
16417-77	MAIZ BAR CARMEN	32676549N	479,16 €	7	2								5	
16418-77	PEGO MARTINEZ JAVIER	35451949W	684,00 €	9	2				5					2
16419-77	ALONSO ALBO MARIA DEL CARMEN	36057430P	1.500,00 €	4	2									2
16420-77	NEVIAN SISTEMAS SL	B36524031	1.500,00 €	9	2				5					2
16421-77	POYAN RASILLA MARIA DEL CARMEN	50295179K	1.500,00 €	4	2									2
16422-77	A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	1.500,00 €	12	2	1	4						5	
16424-77	XABIER CRESPO ALVAREZ	35575550R	1.080,00 €	11	2		2		5					2
16426-77	FABIO SOUTO MOURÉ	36119856N	1.260,00 €	7	2								5	
16427-77	ESTELA GOMEZ GOMEZ	53197812P	448,00 €	9	2				5					2
16430-77	SCF FROM EQUITY SL	B27818897	1.500,00 €	7	2								5	
16431-77	ROBERTO NOVO PEREZ	53172414W	1.296,00 €	9	2			2					5	
16432-77	ZELTIA SA DE JUAN	32705236H	720,00 €	4	2									2
16435-77	EMOTIVE NEUROMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	1.440,00 €	9	2				5					2
16438-77	MEDIERO MAYAN NADIA MARIA	53179679E	936,00 €	9	2				5					2
16439-77	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	1.500,00 €	13	2	4			5					2
16444-77	PABLO VILLAVEVERDE VARELA	44805137X	1.500,00 €	4	2									2
16445-77	IAGO ARAUJO MOLINA	36160710H	660,96 €	9	2				5					2
16446-77	JONATHAN MANUEL VEITES PENEDO	36138206P	1.500,00 €	7	2								5	
16447-77	RORY JOHN GILBERT SMYTH	Y2295026P	1.080,00 €	9	2				5					2
16448-77	MARCOS ROBLES GARCIA	53198098H	972,00 €	11	2			2	5					2
16456-77	DOSVALOR CONSULTORIA SL	B27862424	616,00 €	12	2				5					2



Concello de Vigo

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMACIÓN (Total)	Cantidade 1º reparto	Cantidade 2º reparto	TOTAL RESOLUCIÓN	% CONCEDIDO
16382-77	HELENA MONTEAGUDO ALONSO	53185543K	286,00 €	9	286,00 €	286,00 €	286,00 €	100,00%
16383-77	LETICIA PEREZ PRIETO	36163479G	864,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	89,76%
16384-77	PATRICIA LOPEZ LOPEZ	36134358R	696,96 €	4	327,10 €	344,68 €	344,68 €	49,45%
16385-77	MARIA ESTHER MONTES PEREZ	36058487F	914,40 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	84,81%
16386-77	MARIA MERCEDES PRADOS COSTOYA	36078451F	959,20 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	80,85%
16387-77	DAVID VAZQUEZ GARCIA	44482311N	1.094,40 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	70,86%
16388-77	JUAN MANUEL FERNANDEZ COLLAZO	76992158A	1.008,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	76,94%
16389-77	JORGE ANTONIO LIZ MONTES	36086934A	1.067,20 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	72,67%
16390-77	CONDE MENSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURAS SL	B32253189	1.500,00 €	6	490,65 €	517,02 €	517,02 €	34,47%
16391-77	XABIER FERREIRO PRADO	36093070K	1.500,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	51,70%
16393-77	DESARROLLO E INNOVACION MEDICA CB	E27822725	850,91 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	91,14%
16396-77	ALEJANDRO MARCOS GUERRERO	36108538X	1.008,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	76,94%
16397-77	YNEEDS YOUR INTELLIGENT IMAGING COMPANY SL	B70415062	1.500,00 €	4	327,10 €	344,68 €	344,68 €	22,98%
16398-77	ANTONIO GUTIERREZ PEREIRA	36104070G	1.008,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	76,94%
16399-77	VAN DIVULGACION CULTURAL SL	B36917201	1.080,00 €	11	899,53 €	947,87 €	947,87 €	87,77%
16400-77	CREACION Y DESARROLLO NOVO SC	J27860436	1.296,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	59,84%
16401-77	A TROITA DE PE DESEÑO E COMUNICACION CB	E27833755	1.440,00 €	10	817,76 €	861,70 €	861,70 €	59,84%
16402-77	DOSVALOR JH SL	B36766483	1.500,00 €	10	817,76 €	861,70 €	861,70 €	57,45%
16403-77	FRANKIE THE KING SL	B27863463	1.500,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	51,70%
16404-77	MODA DELADOSALADOCE SRL	B27842731	1.500,00 €	10	817,76 €	861,70 €	861,70 €	57,45%
16405-77	SOFIA CAMACHO CAMBEIRO	36141320V	1.500,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	51,70%
16406-77	O CABLE INGLES S COOP GALEGA	F27768563	940,80 €	12	940,80 €	940,80 €	940,80 €	100,00%
16407-77	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL	B27803600	1.500,00 €	13	1.063,08 €	1.120,21 €	1.120,21 €	74,68%
16409-77	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	1.500,00 €	14	1.144,86 €	1.206,38 €	1.206,38 €	80,43%
16410-77	GALCONNECT COMUNICACIONES SL	B27863844	1.340,67 €	8	654,21 €	689,36 €	689,36 €	51,42%
16411/77	JAVIER PELETEIRO NIETO	36134967N	1.056,00 €	8	654,21 €	689,36 €	689,36 €	65,28%
16412/77	ANDRES EDUARDO TERRAZA PEREZ	54337582J	480,00 €	8	480,00 €	480,00 €	480,00 €	100,00%
16416/77	PEREZ IGLESIAS FERNANDO MIGUEL	36117385W	1.080,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	71,81%
16417/77	MAIZ BAR CARMEN	32676549N	479,16 €	7	479,16 €	479,16 €	479,16 €	100,00%
16418/77	PEGO MARTINEZ JAVIER	35451949W	684,00 €	9	684,00 €	684,00 €	684,00 €	100,00%
16419/77	ALONSO ALBO MARIA DEL CARMEN	36057430P	1.500,00 €	4	327,10 €	344,68 €	344,68 €	22,98%
16420/77	NEVIAN SISTEMAS SL	B36524031	1.500,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	51,70%
16421/77	POYAN RASILLA MARIA DEL CARMEN	50295179K	1.500,00 €	4	327,10 €	344,68 €	344,68 €	22,98%
16422/77	A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	1.500,00 €	12	981,31 €	1.034,04 €	1.034,04 €	68,94%
16424/77	XABIER CRESPO ALVAREZ	35575550R	1.080,00 €	11	899,53 €	947,87 €	947,87 €	87,77%
16426/77	FABIO SOUTO MOURE	36119856N	1.260,00 €	7	572,43 €	603,19 €	603,19 €	47,87%
16427/77	ESTELA GOMEZ GOMEZ	53197812P	448,00 €	9	448,00 €	448,00 €	448,00 €	100,00%
16430/77	SCF FROM EQUITY SL	B27818897	1.500,00 €	7	572,43 €	603,19 €	603,19 €	40,21%
16431/77	ROBERTO NOVO PEREZ	53172414W	1.296,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	59,84%
16432/77	ZELTIA SA DE JUAN	32705236H	720,00 €	4	327,10 €	344,68 €	344,68 €	47,87%
16435/77	EMOTIVE NEUROMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	1.440,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	53,86%
16438/77	MEDIERO MAYAN NADIA MARIA	53179679E	936,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	82,86%
16439/77	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	1.500,00 €	13	1.063,08 €	1.120,21 €	1.120,21 €	74,68%
16444/77	PABLO VILLAVARDE VARELA	44805137X	1.500,00 €	4	327,10 €	344,68 €	344,68 €	22,98%
16445/77	IAGO ARAUJO MOLINA	36160710H	648,00 €	9	648,00 €	648,00 €	648,00 €	100,00%
16446/77	JONATHAN MANUEL VEITES PENEDO	36138206P	1.500,00 €	7	572,43 €	603,19 €	603,19 €	40,21%
16447/77	RORY JOHN GILBERT SMYTH	Y2295026P	1.080,00 €	9	735,98 €	775,53 €	775,53 €	71,81%
16448/77	MARCOS ROBLES GARCIA	53198098H	972,00 €	11	899,53 €	947,87 €	947,87 €	97,52%
16456/77	DOSVALOR CONSULTORIA SL	B27862424	616,00 €	12	616,00 €	616,00 €	616,00 €	100,00%

54.607,46 €	428	33.448,78 €	35.000,00 €	35.000,00 €
-------------	-----	-------------	-------------	-------------

35.000,00 €

Total puntos:	428	Queda sen repartir:	1.551,22 €
Valor do Punto 1º reparto:	81,78 €	Total puntos 2º reparto:	353,00 €
		Valor do Punto 2º reparto:	4,39 €

3.- A Comisión de valoración unha vez avaliadas as solicitudes achegadas e contempladas as observacións do departamento de Intervención, informa que da información que obra no seu poder despréndese que as empresas e persoas autónomas beneficiarias propostas cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

(...)"

- A Base 13ª—PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA, no seu primeiro parágrafo indica:
"O/A beneficiario/a no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate do aluguer e, **en todo caso, antes do 16 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos."
- De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento:

6. A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de nove meses contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. Con independencia do medio elixido a efectos de notificación, o Concello enviará un aviso ao dispositivo electrónico e/ou dirección de correo electrónico do interesado que consten na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Concello de Vigo

8- Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia, do disposto no art. 24.3.b) da LPAC e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

Nº EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	MOTIVO DE DESESTIMACIÓN
16423/77	ESTUDIO Y FORMACION EMPRENDEDOR SL	B27857911	O contrato de aluguer non se corresponde do de aluguer dun espazo de coworking (Bases 1ª, 3ª e 11ª.1)
16429/77	AVANSUM SL	B27832120	Ten débedas coa AEAT e non presentou a subsanación requerida (Bases 2ª.4, 11ª.2 e 14ª)
16436/77	CASAS MARIÑO MARIA DOLORES	77408481A	Ten débedas co Concello de Vigo (Bases 2ª.4 e 11ª.2)
16437/77	SANTOS TOUZA PABLO	53614764Q	Non subsanou adecuadamente, non aportando documentación que acredite o seu enderezo fiscal (Bases 2ª.1, 6ª.4, 11ª.2 e 14ª)
16443/77	AGUILERA CHOUZA EVA	36073141X	Non accedeu á notificación nos 10 días seguintes ao que se puxo á súa disposición – Notificación rechazada (Base 12ª.1)
16449/77	CIES MEDIA COMUNICACION SL	B27862028	Non subsanou adecuadamente non presentando os Anexos asinados electrónicamente requeridos (Bases 8ª e 14ª).

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás persoas emprendedoras e micropemes que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas” do vixente exercicio presupostario, por importe de 35.000,00 € (trinta e cinco mil euros):

Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	NIF	Cantidade Solicitada	BAREMACIÓN (Total)	Cantidade 1º reparto	Cantidade 2º reparto	TOTAL RESOLUCIÓN	% CONCEDIDO
16382-77	HELENA MONTEAGUDO ALONSO	53185543K	286,00 €	9	286,00 €	286,00 €	286,00 €	100,00%
16383-77	LETICIA PEREZ PRIETO	36163479G	864,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	89,72%
16384-77	PATRICIA LOPEZ LOPEZ	36134358R	696,96 €	4	327,10 €	344,53 €	344,53 €	49,43%
16385-77	MARIA ESTHER MONTES PEREZ	36058487F	959,20 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	80,82%
16386-77	MARIA MERCEDES PRADOS COSTOYA	36078451F	959,20 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	80,82%
16387-77	DAVID VAZQUEZ GARCIA	44482311N	1.094,40 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	70,83%
16388-77	JUAN MANUEL FERNANDEZ COLLAZO	76992158A	1.008,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	76,90%
16389-77	JORGE ANTONIO LIZ MONTES	36086934A	1.067,20 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	72,64%
16390-77	CONDE MENSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURAIS SL	B32253189	1.500,00 €	6	490,65 €	516,80 €	516,80 €	34,45%
16391-77	XABIER FERREIRO PRADO	36093070K	1.500,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	51,68%
16393-77	DESARROLLO E INNOVACION MEDICA CB	E27822725	850,91 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	91,10%
16396-77	ALEJANDRO MARCOS GUERRERO	36108538X	1.008,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	76,90%
16397-77	YNEEDS YOUR INTELLIGENT IMAGING COMPANY SL	B70415062	1.500,00 €	4	327,10 €	344,53 €	344,53 €	22,97%
16398-77	ANTONIO GUTIERREZ PEREIRA	36104070G	1.008,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	76,90%
16399-77	VAN DIVULGACION CULTURAL SL	B36917201	1.080,00 €	11	899,53 €	947,47 €	947,47 €	87,73%
16400-77	CREACION Y DESARROLLO NOVO SC	J27860436	1.296,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	59,81%
16401-77	A TROITA DE PE DESEÑO E COMUNICACION CB	E27833755	1.440,00 €	10	817,76 €	861,33 €	861,33 €	59,81%
16402-77	DOSVALOR JH SL	B36766483	1.500,00 €	10	817,76 €	861,33 €	861,33 €	57,42%
16403-77	FRANKIE THE KING SL	B27863463	1.500,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	51,68%
16404-77	MODA DELADOSALADOCE SRL	B27842731	1.500,00 €	10	817,76 €	861,33 €	861,33 €	57,42%
16405-77	SOFIA CAMACHO CAMBEIRO	36141320V	1.500,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	51,68%
16406-77	O CABLE INGLES S COOP GALEGA	F27768563	940,80 €	12	940,80 €	940,80 €	940,80 €	100,00%
16407-77	CIENCIA GALEGA INDUSTRIAS CREATIVAS SL	B27803600	1.500,00 €	13	1.063,08 €	1.119,73 €	1.119,73 €	74,65%
16409-77	REAL ESTATE SERVICING SL	B27766120	1.500,00 €	14	1.144,86 €	1.205,87 €	1.205,87 €	80,39%
16410-77	GALCONNECT COMUNICACIONES SL	B27863844	1.340,67 €	8	654,21 €	689,07 €	689,07 €	51,40%
16411/77	JAVIER PELETEIRO NIETO	36134967N	1.056,00 €	8	654,21 €	689,07 €	689,07 €	65,25%
16412/77	ANDRES EDUARDO TERRAZA PEREZ	54337582J	480,00 €	8	480,00 €	480,00 €	480,00 €	100,00%
16416/77	PEREZ IGLESIAS FERNANDO MIGUEL	36117385W	1.080,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	71,78%
16417/77	MAIZ BAR CARMEN	32676549N	479,16 €	7	479,16 €	479,16 €	479,16 €	100,00%
16418/77	PEGO MARTINEZ JAVIER	35451949W	684,00 €	9	684,00 €	684,00 €	684,00 €	100,00%
16419/77	ALONSO ALBO MARIA DEL CARMEN	36057430P	1.500,00 €	4	327,10 €	344,53 €	344,53 €	22,97%
16420/77	NEVIAN SISTEMAS SL	B36524031	1.500,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	51,68%
16421/77	POYAN RASILLA MARIA DEL CARMEN	50295179K	1.500,00 €	4	327,10 €	344,53 €	344,53 €	22,97%
16422/77	A MOVIDA CULTURAL SLL	B27857366	1.500,00 €	12	981,31 €	1.033,60 €	1.033,60 €	68,91%
16424/77	XABIER CRESPO ALVAREZ	35575550R	1.080,00 €	11	899,53 €	947,47 €	947,47 €	87,73%
16426/77	FABIO SOUTO MOURE	36119856N	1.260,00 €	7	572,43 €	602,93 €	602,93 €	47,85%
16427/77	ESTELA GOMEZ GOMEZ	53197812P	448,00 €	9	448,00 €	448,00 €	448,00 €	100,00%
16430/77	SCF FROM EQUITY SL	B27818897	1.500,00 €	7	572,43 €	602,93 €	602,93 €	40,20%
16431/77	ROBERTO NOVO PEREZ	53172414W	1.296,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	59,81%
16432/77	ZELTIA SA DE JUAN	32705236H	720,00 €	4	327,10 €	344,53 €	344,53 €	47,85%
16435/77	EMOTIVE NEUROMARKETING TECHNOLOGIES SL	B27836188	1.440,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	53,83%
16438/77	MIEDIERO MAYAN NADIA MARIA	53179679E	936,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	82,82%
16439/77	MICATON ERGONOMICS SL	B27740893	1.500,00 €	13	1.063,08 €	1.119,73 €	1.119,73 €	74,65%
16444/77	PABLO VILLAVARDE VARELA	44805137X	1.500,00 €	4	327,10 €	344,53 €	344,53 €	22,97%
16445/77	IAGO ARAUJO MOLINA	36160710H	660,96 €	9	660,96 €	660,96 €	660,96 €	100,00%
16446/77	JONATHAN MANUEL VEITES PENEDO	36138206P	1.500,00 €	7	572,43 €	602,93 €	602,93 €	40,20%
16447/77	RORY JOHN GILBERT SMYTH	Y2295026P	1.080,00 €	9	735,98 €	775,20 €	775,20 €	71,78%
16448/77	MARCOS ROBLES GARCIA	53198098H	972,00 €	11	899,53 €	947,47 €	947,47 €	97,48%
16456/77	DOSVALOR CONSULTORIA SL	B27862424	616,00 €	12	616,00 €	616,00 €	616,00 €	100,00%



Concello de Vigo

TERCEIRO: Publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

CUARTO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e BASE REGULADORA 12ª.9, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

QUINTO: MODIFICAR o primeiro parágrafo da Base 13ª—PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA, xa que por concurrencia de causas excepcionais que impiden o cumprimento do prazo de xustificación indicado nas bases desta convocatoria, precísase ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas do xeito que se indica de seguido:

“O/A beneficiario/a no prazo de un (1) mes a contar desde o remate do aluguer e, en todo caso, ata o 22 de novembro de 2019, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.”

A resolución do procedemento así como o novo prazo para a xustificación da subvención serán obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1004).- PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN COMO PROXECTO DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM) DO PROXECTO PRESENTADO POR THOR SPAIN PARA A CREACIÓN DUNHA “RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES”. EXPTE. 16310/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 6/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local

(Resolución do 23/10/19) e polo o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data 19/02/2019 a entidade mercantil “**Thor Private Equistyspain S.L. (THOR SPAIN)**”, con enderezo a efectos de notificación na r/ Vergara, 3--1º en Madrid, achegou, a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W326628-3282), a solicitude de cualificación como PEIM dun proxecto **RESIDENCIA de maiores**, para servizo en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de residencia activa, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes dentro da área urbana de implantación.

II. Con data 04/03/2019 xúntase ao expediente a ficha de valoración do proxecto e informe-proposta do xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, e informe técnico favorable incorporado ao expediente en data 05/03/19, para cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM),o proxecto presentado por “**THOR SPAIN**”, para a creación dunha “**Residencia para persoas maiores**”, que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá das persoas da terceira idade, segundo ficha de valoración, concluindo que:

“A residencia para persoas maiores, é un servizo destinado a persoas que pretende potenciar a relación dos residentes co entorno, psicomotricidade, sensación de afecto e disfrutar da cercanía dos familiares.

Este servizo está destinado a promover o envexecimiento activo con actividades de ocio para evitar a soedade e o asilamento social, fomentar a autonomía das persoas maiores e promocionar o colectivo de persoas maiores, apoiando os órganos de participación e o tecido asociativo. Trátase dunha residencia con diferentes módulos de convivencia e propostas:

- *Adaptación as diferentes etapas da vorex dende o lado humanístico, apoiando e asesorando a familia.*
- *Horarios amplios de visitas, para facilitar a integración coas familias.*
- *Disponibilidade de centro de día, ofrecendo estancias temporais e servizos de transporte,*
- *Implantación das mellores terapias e coidados para manter e mellorar as capacidades cognitivas e físicas dos residentes.*

Dada a importancia dos servizos de atención a vida diaria a persoas en Vigo, as liñas de actuación a desenvolver neste proxecto, a creación de postos de traballo que poderán ampliarse nun futuro, etc,..e unha vez acadada a puntuación mínima de 70 puntos segundo o procedemento establecido, reflectido na ficha de valoración do proxecto, dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, consideramos que a iniciativa presentada por THOR SPAIN para establecemento dunha residencia para maiores, cumpre os requisitos previstos para ser cualificado como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) e polo tanto é susceptible de ser beneficiario das citadas axudas e subvencións.”



Concello de Vigo

III. Mediante notificacións asinadas os días 5 e 11 de marzo de 2019, requírese a subsanación de documentación para continuar coa tramitación do procedemento, que resultou subsanada en datas 6 e 12 de marzo e 31 de outubro de 2019.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Emprego, na súa sesión de data 5 de xuño de 2000, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contempla, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recolle o concepto de Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM).

II. A Comisión de Goberno, en sesión do 04/09/2000, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

III. O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data 29 de abril de 2008, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

IV. As bonificacións fiscais, para os proxectos de interese municipal, veñen especificados nas Ordenanzas Fiscais para o vixente exercicio 2019, e abarcan os seguintes tributos locais:

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas (*artigo 6.1. "Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%"*).
- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras (*artigo 3.6. "As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. Os suxeitos pasivos deste imposto"*).
- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos (*artigo 5.6. "Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes....."*).
- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións (*artigo 6. "As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75%*

cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes.....”.

V. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14/03/2011, aprobou as Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal -PEIM (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego):

- Tramitación e procedemento (Base III):

Poderán solicitar a cualificación como proxecto PEIM os promotores de proxectos empresariais susceptibles de seren cualificados como tales, segundo o estipulado nos artigos 1º e 2º das bases, mediante a achega dunha solicitude no Rexistro xeral do Concello ou en calquera outro medio previsto na lexislación de procedemento administrativo común, xuntando a documentación esixida nas bases reguladoras.

O servizo procederá á avaliación do proxecto, así coma á súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como proxecto PEIM.

Unha vez examinada a documentación obrante no expediente compróbase que constan os documentos esixidos no art. 8º das bases reguladoras:

- DNI do representante
- Escritura de elevación a público de acordos sociais de modificación de estatutos (cambio de denominación e traslado de domicilio) de data 29/05/2018, co n.º 656 de protocolo do notario don Fernando Pérez Rubio, inscrita no Rexistro Mercantil de León;
- Escritura pública de data 25/01/2019, co n.º 149 de protocolo do notario don José Antonio Bollo de Miguel, de poder xeral outorgado pola mercantil THOR PRIVATE EQUITY SPAIN, SL en favor de Miguel Ángel Pascual León, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid;
- Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable respecto das axudas solicitadas ou percibidas para este fin.
- tarxeta de identificación fiscal, B24583197;
- memoria explicativa da viabilidade do proxecto;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa ATRIGA expedido en data 30/10/2019;
- informe de inexistencia de inscrición como empresario no sistema da Seguridade Social expedido en data 30/10/2019;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT expedido en data 30/10/2019;
- certificado de estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo expedido en data 04/11/2019;

A competencia para a adopción do acordo de cualificación de proxectos PEIM corresponde á Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

Tal e como se ven pronunciando a Intervención Xeral Municipal con respecto a estes procedementos, non procede a fiscalización previa do expediente dacordo co previsto no art. 214.2.a) do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, ao carecer de contido económico, substituíndose segundo o disposto na Base 41ª de Execución dos Orzamentos para o presente exercicio, pola inherente toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral Municipal.

Contra o acordo de cualificación, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, unha vez avaliada a solicitude e documentación esixidas nas bases reguladoras así coma a súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como proxecto PEIM segundo consta en expediente e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado pola “**THOR SPAIN**”, para a creación dunha “**Residencia para persoas maiores**”, que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio a mellora da vida cotidiá as persoas da terceira idade, segundo ficha de valoración.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado no expediente e dar traslado do certificado do acordo adoptado pola XGL, ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia de Urbanismo.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1005).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE OUTUBRO DO ANO 2019. EXPTE. 9678/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 7/11/19, asinado pola xefa de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de outubro do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9551-224	CMSE	Traslado alumnado de secundaria que vai participar nas actividades a prol da igualdade e prevención da violencia de xénero os días 28, 29 e 30 de outubro de 2019 no auditorio municipal	<i>Autocares Rías Baixas</i>	23112279906	7/10/2019	8.250,00 €
9618-224	CMSE	Organización das accións que comprenden o programa de prevención e concienciación á mocidade viguesa "Enlaza Vigo contra a violencia de xénero"	<i>Xermolo Dinamización Sociocultural, S L</i>	23112279906	15/10/2019	18.137,90 €
9552-224	CMSE	Curso "loga" no CRAC de Coruxo	<i>CCAR de Valladares</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9553-224	CMSE	Curso "Axilidade mental" na A VV San Roque	<i>Mónica Calvo Serrano</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9561-224	CMSE	Curso "Informática" na A VV Cristo da Victoria	<i>Uxía Cazorla Silva</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9558-224	CMSE	Curso "Teatro" na A MM Xestas	<i>Alejandra Abreu Pérez</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9562-224	CMSE	Curso "Axilidade mental-memoria" na A VV As Nosas Rúas	<i>Mónica Calvo Serrano</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9567-224	CMSE	Curso "Vivir en Igualdade" no CCAR de Cabral	<i>Mª Jesús Bendaña Rodríguez</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9568-224	CMSE	Curso "Axilidade mental" na A V Monte da Mina Castrelos	<i>Mónica Calvo Serrano</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9569-224	CMSE	Curso "Ximnasia suave" na ACDR de Pardavila	<i>Mª Jesús Bendaña Rodríguez</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €



Concello de Vigo

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9591-224	CMSE	Curso "Ioga" na A Mulleres Dorna	<i>Uxía Cazorla Silva</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9595-224	CMSE	Curso "Axilidade mental" na AVCR San Mamede de Zamáns	<i>Asociación de Mulleres Monitoras</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9594-224	CMSE	Curso "Axilidade mental" na A VV Agarimo San Xoan Poulo	<i>Consuelo Vilasánchez Muñoz</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9597-224	CMSE	Curso "Fotografía" na A VV Praza da Miñoa	<i>Ana I Pérez Rodríguez</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9556-224	CMSE	Curso "Comunicación" na A VV San Miguel de Oia	<i>Consuelo Vilasánchez Muñoz</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9598-224	CMSE	Curso "Axilidade mental" na A VV Doutor Fleming	<i>Consuelo Vilasánchez Muñoz</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9599-224	CMSE	Curso "Pintura" na A VV San Xurxo de Saiáns	<i>Mª Carmen Lamas Estévez</i>	23112260600	9/10/2019	720,00 €
9600-224	CMSE	Curso "Fotografía" na A VV Emilio Crespo	<i>Ana I Pérez Rodríguez</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €
9601-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV Calvario	<i>Mª Jesús Bendaña Rodríguez</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €
9606-224	CMSE	Curso "Ioga" na SVCD Nautilus	<i>CCAR de Valladares</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €
9607-224	CMSE	Curso "Ximnasia" na A VV Tes	<i>CCAR de Valladares</i>	23112260600	11/10/2019	450,00 €
9604-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV Parada Maceiriña	<i>Susana Taboas Docampo</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €
9608-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na AVCD Lavadores	<i>Helena Pérez Posada</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €
9609-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na AVCD de Sampaio	<i>Helena Pérez Posada</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €
9612-224	CMSE	Curso "TaiChi" na A Amas de Casa e Consumo Agarimo	<i>Mª Sol Rodríguez Fernández</i>	23112260600	11/10/2019	720,00 €

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9559-224	CMSE	Curso "Pilates" na F P R El Olivo	CCAR de Valladares	23112260600	14/10/2019	720,00 €
9617-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV Rosalía Castro da Salgueira	Victor González Romero	23112260600	16/10/2019	720,00 €
9555-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV As Fontes	Victor González Romero	23112260600	16/10/2019	720,00 €
9621-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na A VV O Freixo	Helena Pérez Posada	23112260600	16/10/2019	720,00 €
9616-224	CMSE	Curso "Risoterapia" na a VV de Beade	Romina Goberna Milego	23112260600	16/10/2019	720,00 €
9554-224	CMSE	Curso "Axilidade mental" na A VV A Unión de Matamá	Consuelo Vilasánchez Muñoz	23112260600	16/10/2019	720,00 €
9623-224	CMSE	Curso "Debuxo" na A VV Fonte do Galo	Aldara Outereño Díaz	23112260600	17/10/2019	720,00 €
9583-224	CMSE	Curso "Informática básica" na A VV O Carballo de Sárdoma	Forgal, Formación y Consultoría SL	23112260600	17/10/2019	720,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(1006).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2019. EXPTE. 2656/334.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/11/19, asinado pola técnica de Normalización Lingüística e a concelleira de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, aprobadas polo Pleno con data 26/12/2018, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **contrato menor** no Servizo de Normalización Lingüística e autorizados pola concelleira-delegada de Normalización Lingüística, nos meses de setembro e outubro de 2019.



Concello de Vigo

Expediente	2631-334. Curso de literatura oral e elaboración do material para levalo a cabo
Resolución concelleira	data 12 de setembro de 2019
Informe Intervención	RC 66288
Adxudicatario	Xabier Xil Xardón
Importe	1.140,00 euros

Expediente	2632-334. Realización dun curso de achegamento á lingua galega de 40 horas <i>Achégate ao galego</i> entre os meses de outubro e decembro
Resolución concelleira	data 12 de setembro de 2019
Informe Intervención	RC 64417
Adxudicatario	Ana María Vázquez Facchini
Importe	1.512,00 euros

Expediente	2638-334. Realización de 12 ludotecas lingüísticas nos centros de ensino que se desenvolverán ao longo dos meses de outubro-novembro, no primeiro trimestre do curso 2019-20
Resolución concelleira	data 8 de outubro de 2019
Informe Intervención	RC 69640
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.U. (nome artístico: Xandobela)
Importe	2.349,00 euros

Expediente	2639-334. 30 obradoiros científicos nos centros escolares durante os meses de outubro-novembro, con motivo da celebración do 4 de novembro, Día da Ciencia en Galego
Resolución concelleira	data 9 de outubro de 2019
Informe Intervención	RC 70291
Adxudicatario	Marcelo Rodríguez Acosta (faia-educación ambiental)
Importe	3.750,00 euros

Expediente	2640-334. Impartición dun curso de Narración oral para persoas adultas no CIOV entre os meses de outubro e decembro
Resolución concelleira	data 9 de outubro de 2019
Informe Intervención	RC 70292
Adxudicatario	Ana Carreira Varela
Importe	1.404,00 euros

Expediente	2641-334. REALIZACIÓN DE 17 XORNADAS (34 OBRADOIROS) CIENTÍFICAS ENTRE OS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO NOS CENTROS DE ENSINO VIGUESES POR MORDO 4 DE NOVEMBRO, DÍA DA CIENCIA EN GALEGO
Resolución concelleira	data 9 de outubro de 2019
Informe Intervención	RC 70293
Adxudicatario	Ceo Aberto, S.L. (David Ballesteros)
Importe	7.650,00 euros

Expediente	2642-334. REALIZACIÓN DE 16 OBRADOIROS "CANTOS E CONTOS DE NADAL", DIRIXIDOS AO ALUMNADO DE 1.º DE PRIMARIA NO MES DE DECEMBRO
Resolución concelleira	data 22 de outubro de 2019
Informe Intervención	RC 72211
Adxudicatario	Servando Barreiro Fernández
Importe	1.280,00 euros

Expediente	2644-334. REALIZACIÓN DO PROXECTO "RECOLLIDA E TRANSMISIÓN DO PATRIMONIO ORAL. CANTIGAS E ARROLOS"
Resolución concelleira	data 30 de outubro de 2019
Informe Intervención	RC 74708
Adxudicatario	A.C.F. O Fiadeiro
Importe	1.727,88 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(1007).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO.) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DO MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8696/320.

Visto o informe de fiscalización de data 8/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 01/03/2019, Dona Amelia Pérez Álvarez , en representación da Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo (CIF: G-15103112), achegou escrito có número 190031180, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos das actividades da entidade, así como de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2019, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/11/18 e o 30/09/2019.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Amelia Pérez Álvarez, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/19
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/19
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/19
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO DE GASTOS novembro 2018 – setembro 2019	
Salarios	13.063,52 €
Cota Patronal	3.590,22 €

Material oficina		250,00 €
Xornadas	Prevenición: saúde e riscos laborais (10/05/19)	505,00 €
	Europa e a clase traballadora (14/06/19)	505,00 €
	O sindicalismo do século XXI (13/09/19)	505,00 €
TOTAL		18.418,74 €

INGRESOS (novembro 2018 – setembro 2019)	
Aportación Concello de Vigo	15.000,00 €
Aportación Unión Comarcal de CC.OO. De Vigo	3.418,74 €
TOTAL	18.418,74 €

8. Contrato de traballo.

9. Poliza do seguro de responsabilidade civil do local e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 487/96, segundo resolución de data 30/09/96.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800005 “*Convenio Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000,00 €.

VI. En data 14/03/2019 o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.



Concello de Vigo

VIII. A Técnica de Administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 08/11/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula novena, 31 de outubro de 2019, ás datas actuais”

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 11/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á *Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo* (G15103112), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos das actividades da entidade, así como de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2019, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/11/18 e o 30/09/2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo.

Segundo contempla o art. 1 dos estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia

- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Amelia Pérez Álvarez, con DNI 78734833Z, en calidade de Presidenta da “Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo” (CIF: G15103112), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8696/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente ex-



Concello de Vigo

pediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800005 “*Convenio Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “*Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.



Concello de Vigo

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **21 de novembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 08/11/2019; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 15.000,00 € (quinze mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800005 denominada "*Convenio Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

SEGUNDO. - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Unión Comarcal de CC.OO. de Vigo*" (CIF.- G15103112), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos das actividades da entidade, así como de mantemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 15.000,00 € (quinze mil euros).



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISIÓNS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DO MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Amelia Pérez Álvarez con DNI 78734833-Z, en calidade de Secretaria de Organización da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO.) de Vigo, con CIF: G-15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo II do 01/03/2019, incorporado ao expte. 8696/320.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, de conformidade coa “definición de principios” e art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación*



Concello de Vigo

- ✓ *Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza*
- ✓ *Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis*
- ✓ *Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as*
- ✓ *Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social*
- ✓ *Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia*
- ✓ *Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)*

V.- *De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión*

Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 487/96.

VI.- *Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificados entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.*

VII.- *As actividades programadas pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO.) de Vigo entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:*

ORZAMENTO GASTOS novembro 2018 – setembro 2019		
Salarios		13.063,52 €
Cota Patronal		3.590,22 €
Material oficina		250,00 €
Xornadas	Prevención: saúde e riscos laborais (10/05/19)	505,00 €
	Europa e a clase traballadora (14/06/19)	505,00 €

	<i>O sindicalismo do século XXI (13/09/19)</i>	505,00 €
	TOTAL	18.418,74 €

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2019), a partida orzamentaria nº 9240.4800005, denominada “Convenio Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo” nominativa a favor da entidade, cunha consignación presupostaria de 15.000,00 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO.) de Vigo non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita entidade conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO.) de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.



Concello de Vigo

5. *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
6. *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
7. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.*
8. *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
9. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
10. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1. *Conceder directamente á entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha subvención por importe de 15.000€ (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800005, denominada "Convenio Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo", do vixente orzamento municipal (2019), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade entre o 01/11/2018 e o 30/09/2019, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*
2. *Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo.*
3. *Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.*

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*
2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

Terceiro.- *A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

Cuarto.- *En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quinto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.- *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.*

Sétimo.- *A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, última modificación 20 de maio de 2016.*

Oitavo.- *A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en*



Concello de Vigo

lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato entre o 01/11/2018 ao 30/09/2019.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **21 de novembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda

(Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas dixitalmente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.*

b) Memoria descriptiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificárase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos **documentos xustificativos** relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención



Concello de Vigo

- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- *As retribucións de persoal xustificaranse mediante:*
 - *Contrato de traballo*
 - *Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
 - *Nóminas correspondente aos meses imputados.*
 - *Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.*
 - *Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento*

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES72 2080 5040 5330 4001 1880 (ABANCA).*

Décimo primeiro.- *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

Décimo segundo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.*

Décimo terceiro.- *A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo cuarto.- *A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo quinto.- *Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*



Concello de Vigo

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.- *A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.*

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

16(1008).- ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. EXPTE. 182/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21/10/19, e o informe de fiscalización de data 28/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/10/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de abril de 2019, entre outros asuntos acordou con relación ao expediente 182/441, "Aprobar o CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA" así como "Aprobar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar as obrigacións do Concello de Vigo en materia de financiación contempladas na cláusula 3ª do Convenio de 66.667,00 euros".

2.- Dito convenio foi asinado entre as partes con data 12 de abril 2019.

II.- PROPOSTA DE ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO:



Concello de Vigo

1.- Con data 25 de setembro dende a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (CHMS), notificase por correo electrónico, a necesidade de proceder a aprobación dunha adenda modificativa do convenio, co obxecto de poder adecuar as anualidades inicialmente contempladas ao escenario actual da execución.

2.- Que no citado convenio prevíase a súa vixencia até o 31 de decembro de 2021 e estimábase que a execución das actuacións se desenvolvería durante as anualidades 2019 e 2020.

3.- Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula cuarta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

4.- Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscrición do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

5.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do Convenio, a Confederación Hidrográfica propón que dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, polo que procede modificar as achegas económicas, para a boa marcha e execución do Convenio.

6.- Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo e correspondese coas seguintes:

PRIMEIRA.-Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2022. No entanto, se nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo ou non se procedeu á recepción dos traballos e á liquidación do contrato conforme ao establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	63.333,50 €	3.333,50 €	66.667,00 €
TOTAL	0,00 €	190.000,00 €	10.000,00 €	200.000,00 €

7.- Con data 21 de outubro de 2019, o Xefe do Servizo Xurídico da Concellería de Fomento e Servizos emite informe xurídico favorable á aprobación da Addenda ao Convenio para o estudo de alternativas para a mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra.

III.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da modificación do convenio.

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade ao texto da adenda do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o texto da ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA, A TRAVÉS DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA O ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, de acordo co texto que se anexa a este expediente e que recolle as seguintes modificacións:

PRIMEIRA.-Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.



Concello de Vigo

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2022. No entanto, se nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo ou non se procedeu á recepción dos traballos e á liquidación do contrato conforme ao establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, O.A.	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	63.333,50 €	3.333,50 €	66.667,00 €
TOTAL	0,00 €	190.000,00 €	10.000,00 €	200.000,00 €

TERCERA.- Entrada en vigor.

A presente adenda modificativa resultará eficaz trala publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Segundo.- Dar traslado deste Acordo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Entidade Pública empresarial Augas de Galicia para a subscrición da addenda modificativa ao convenio.

Terceiro.- Dar conta do presente Acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AGUAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A MELLORA DA GARANTÍA DO ABASTECIMENTO NA ZONA SUR DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

En Ourense, a de de 2019

REUNIDOS

Por unha parte,

José Antonio Quiroga Díaz, Presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Organismo Autónomo adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, nomeado por Resolución da Subsecretaría para a Transición Ecolóxica, de data 31 de xullo de 2018, por delegación do Secretario de Estado de Medio Ambiente (Orde APM/484/2018 de 8 de maio, BOE de 11 de maio de 2018), no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 48.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o artigo 30 do Texto Refundido da Lei de Augas, segundo a redacción dada ao mesmo polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, en relación coas funcións e atribucións que os artigos 23 e 24 de devandita disposición legal atribúenlles aos organismos de conca.

Por outra banda,

Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, de 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro.

Por outra banda,

Abel Caballero Álvarez, alcalde do concello de Vigo, nomeado na sesión constitutiva do Pleno de data 15 de xuño de 2019, en exercicio das atribucións conferidas pola lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e polo artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

MANIFESTAN

I.- Que en data 12 de abril de 2019 (BOE número 112, de 10 de maio de 2019) outorgouse o Convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo co obxecto de determinar as condicións da colaboración entre os outorgantes para realizar un estudo de alternativas, que determine a proposta máis adecuada de mellora da regulación e almacenamento de auga, de modo que se garanta o abastecemento na zona de Vigo e a zona Sur da provincia de Pontevedra, e a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar o correspondente estudo de impacto ambiental.

II.- Que no citado convenio prevíase a súa vixencia até o 31 de decembro de 2021 e estimábase que a execución das actuacións desenvolveríase durante as anualidades 2019 e 2020.



Concello de Vigo

III.- Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula cuarta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar o financiamento á execución das actuacións obxecto do Convenio.

IV.- Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

V.- Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do Convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, polo que procede modificar as achegas económicas, para a boa marcha e execución do Convenio.

VIN. Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiamento do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A tal fin, en vista do manifestado anteriormente, as partes acordan subscribir a presente modificación ao convenio de referencia, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda.

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2022. No entanto, si nesa data non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo ou non se procedeu á recepción dos traballos e á liquidación do contrato conforme ao establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	2019	2020	2021	TOTAL
CHMS, Ou.A.	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €

AUGAS DE GALICIA	0,00 €	63.333,25 €	3.333,25 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	0,00 €	63.333,50 €	3.333,50 €	66.667,00 €
TOTAL	0,00 €	190.000,00 €	10.000,00 €	200.000,00 €

TERCEIRA.- Entrada en vigor.

A presente adenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Manifestando a súa conformidade con todo o anterior, asinan por triplicado o presente documento no lugar e a data arriba indicados

17(1009).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓNS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, INCLUÍDO O SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS, DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1 E LOTE 2), EXPTE. 13218/445.

Visto o informe xurídico de data do 6/11/19 e o informe de fiscalización de data 7/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 7/11/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Á vista da entrada en vigor na data de hoxe do Real decreto- lei 14/2019, de 31 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes por razóns de seguridade pública en materia de administración dixital, contratación do sector público e telecomunicacións (BOE Nº 266 de 05/11/2019) no que no seu artigo 5 se introducen modificacións na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da consecuente redacción polo Servizo de Contratación dun novo PCAP procédese emitir novo informe proposta no seguinte sentido:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Xunta de Goberno Local , na sesión ordinaria do 9 de novembro de 2017, acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria por lotes, do servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios (Expte. 12659-445).



Concello de Vigo

II.- Na sesión ordinaria do 17.01.2018, a Xunta de Goberno Local acordou declarar deserto o lote 3 “motocicletas” por terse presentado un único licitador e resultar excluído pola Mesa de Contratación na sesión do 08.01.2018 polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

III.- Na sesión do 15.02.2018, a mesa de Contratación acordou excluír do antedito procedemento aberto (Lote 2 “camións, buses e maquinaria”) por apartarse substancialmente a súa proposición do modelo establecido (cláusula 13.5 C do prego de cláusulas administrativas particulares), polo que a Xunta de Goberno Local, en data 22.02.2018, acordou declarar deserto o lote 2 “camións, buses e maquinaria” por terse excluído ao único licitador presentado a este lote (Expte. 12659-445).

IV .-Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato a realización dos servizos de reparación por causa de avaría, mantemento e ou outros danos que poidan sufrir os vehículos da flota municipal do Concello de Vigo xestionados polo Parque Móbil Municipal, incluíndo o subministro de pezas e materiais de reposto necesarias para ditas reparacións e para as que se poidan necesitar nas reparacións realizadas no taller mecánico do propio Parque Móbil.

V.- En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 11/07/18.

VI.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en datas 10 e 11 de xullo de 2018 pola Técnica de Xestión, o Xefe da Unidade de Mantemento de Viais e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 11 de xullo de 2018 acordando o inicio do expediente de contratación.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais en data 24 de abril de 2019.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais; e conformada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos 15 de outubro de 2019.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 17 de outubro de 2019.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 6 de novembro de 2019

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta (Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP.

Quinto.- Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Sexto.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “**Servizo de reparacións da flota de vehículos, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións, do concello de Vigo (Lote 1 e Lote 2)**”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías en data 24 de abril de 2019 .

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 6 de novembro 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CATROCENTOS MIL EUROS (400.000,00 EUROS)**, sendo a partida correspondente ao IVE de 69.421,49 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:

		2019	2020	2021	Total
Lote nº1: Camións, buses e maquinaria	214.00.00.-	9.583,33 €	115.000,00 €	105.416,67 €	230.000,00 €
	221.11.00.-	2.083,33 €	25.000,00 €	22.916,67 €	50.000,00 €
Lote nº2: Motocicletas	214.00.00.-	4.583,33 €	55.000,00 €	50.416,67 €	110.000,00 €
	221.11.00.-	416,67 €	5.000,00 €	4.583,33 €	10.000,00 €
	TOTAL	16.666,66 €	200.000,00 €	183.333,34 €	400.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(1009).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS-

CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO-CURSO 2019-2020. EXPTE. 185696/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 14/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a secretaria de Admón. Municipal, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (Curso 2019-2020). Foron aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30.05.2019 (BOP nº 107, do 06.06.2019).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 110.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.095.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor (Curso 2019-2020). Desta cantidade, 375.780,80 € imputaránse ao exercicio de 2019 e o resto, 719.219,20 €, ao de 2020 (supeditada á dispoñibilidade orzamentaria nese exercicio). As dúas cantidades serán pagadas tamén mediante libramento a xustificar que se ingresará naquela conta habilitada.

I.3. Conforme co disposto nas bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a "Comisión de Valoración" designada para o efecto (base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 31.10.2019). Desa valoración resulta a seguinte proposta:

A) CONCEDER as/os 1.294 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG) e cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión. O custo total da subvención de libros ascende a 109.990,00 € (= 1.294 x 85€).



Concello de Vigo

Existe crédito para facer fronte a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 201900037258, aboándose mediante libramento a xustificar, que se ingresará na precitada conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I concedida, que comeza co expediente núm. 3605713004420 e remata co núm. 3605716003912.

B) INCORPORAR a lista de agarda por non existir dotación orzamentaria para a súa concesión, as/os 51 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG) e cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605723003989 e remata co núm. 3605716004158.

C) DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/os 558 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605702003489 e remata co núm. 3605715004890, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

D) CONCEDER as/os 3.152 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa LSG e a base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II concedida, que comeza co expediente nº 3605714004299 e remata co nº 3605721004083.

Indicar que o primeiro pagamento (setembro-décembro) das axudas municipais de comedor, ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe, correspondente á resolución de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

O custo do total do comedor para o Curso 2019-2020 das/os 3.152 alumnas/os que cumpren os requisitos e resultan concedidas ascende a 1.214.780,80€. Polo tanto, o primeiro pagamento (setembro-décembro 2019) equivalente ó 40% do total a adxudicar ascende a 485.912,32€.

O gasto do exercicio de 2019 aboarase con cargo a aplicación orzamentaria e a súa bolsa de vinculación 2310.481000 (72.827,58€), RC 201900037259 (375.780,80€) e RC 20190006044 (37.304,42€).

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 728.868,80€ para axudas de comedor 2020 (xaneiro-xuño) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 201900037260 (719.219,20€) que se propón ampliar en 9.649,60€.

E) INCORPORAR a lista de agarda por non existir dotación orzamentaria para a súa concesión as/os 38 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa LSG e a base 6ª da convocatoria, pero pasan a lista de agarda por non existir dotación orzamentaria para a súa concesión.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605702003680 e remata co núm. 3605704003301.

F) DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 912 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente núm. 3605716003696 e remata co nº 3605715004890 por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a base 6ª da convocatoria.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2019-2020:

1.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.294 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 109.990,00 € (= 1.294 x 85€)realizarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 201900037258 e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I concedida, que comeza co expediente núm. 3605713004420 e remata co núm. 3605716003912.

1.2.CONCEDER a incorporación a lista de agarda aos 51 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, e que serán concedidas a medida que exista crédito orzamentario.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605723003989 e remata co núm. 3605716004158.

1.3. DENEGAR as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 558 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605702003489 e remata co núm. 3605715004890, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

SEGUNDO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2019-2020:



Concello de Vigo

2.1. CONCEDER axudas municipais de comedor a 3.152 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e base 6ª), que se pagarán con cargo á aplicación orzamentaria e a súa bolsa de vinculación 2310.481000 (72.827,58€), RC 201900037259 (375.780,80€) e RC 20190006044 (37.304,42€).

Para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor 2020 (xaneiro-xuño) existe crédito de 728.868,80€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, existindo contraído un RCFUT 201900037260 (719.219,20€) que se propón ampliar en 9.649,60€.

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II concedida, que comeza co expediente nº 3605714004299 e remata co nº 3605721004083.

2.2. CONCEDER a incorporación a lista de espera aos 38 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, e que serán concedidas a medida que exista crédito orzamentario.

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo II lista de agarda, que comeza co expediente núm. 3605702003680 e remata co núm. 3605704003301.

2.3. DENEGAR as axudas municipais de comedor ás/ós 912 alumnas/os que figuran no Anexo II denegada, que comeza co expediente núm. 3605716003696 e remata co nº 3605715004890 por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

TERCEIRO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1010).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E THE WALT DISNEY COMPANY IBERIA SL. EXPTE. 6890/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 15/11/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de 2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que o municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e promoción da cultura e ocupación do tempo libre. No ámbito destas competencias o Concello de Vigo é consciente da crecente importancia da turismo comercial, e, con motivo do Nadal, é unha situación tradicional dotar á cidade de Vigo dunha iluminación especial e realización da actividades durante estas datas que contribúan a incrementar o seu atractivo para o cidadán e afluencia de visitantes o que contribúe ao fomento dos intercambios comerciais.

A Compañía Walt Disney, unha das maiores compañías da animación e entreteñemento infantil, previu estrear este próximo mes de novembro en España a película Frozen II, como un dos títulos máis esperados de Disney. En 2013, Frozen recaudou máis de 1.200 millóns en despacho de billetes a nivel mundial converténdose -nese momento- na quinta película máis taquilleira da historia, a a número uno dentro do mundo da animación.

E por isto que a realización do preestreno da película Frozen II, contribúe ao interese xeral e o fomento dos intereses turísticos, culturais e comerciais da cidade de Vigo polo que ambas partes, para a consecución de dito fin común, están interesados na formalización dun convenio de colaboración ao abeiro do artigo 47.2.c.) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao establecido no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público consta memoria xustificativa da necesidade, oportunidade, impacto económico e carácter non contractual perseguidos polo convenio de colaboración e borrador do convenio.

A subscrición do Convenio non supón a cesión de titularidade de competencias e está excluído do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.2).

Os contidos do articulado do convenio cumpre ao establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A celebración deste convenio non xera un gasto novo distinto ao xa previsto nos presupostos do Concello polo que non se derivan da subscrición do convenio gastos adicionais, xerando un gasto de dereitos de autor a favor da SGAE máis AGEDI de 123,89 euros (IVE incluído) que pode ser asumido contra o RC 201900023964.



Concello de Vigo

Polo exposto elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a aprobación de calquera programa/plan/proxecto campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencias municipais conforme a Resolución da Alcaldía de data

18.06.2018 correspondendo a formalización do convenio ao concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en virtude da delegación conferida por Resolución da Alcaldía de data 26.06.2019

Polo expostos sométese á Xunta de Goberno local a seguinte proposta

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e THE WALT DISNEY COMPANY IBERIA SL

SEGUNDO.- Notificar ao interesado.

TERCEIRO.- Dar traslado á Concellería-Delegada da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais aos efectos da formalización do convenio polo concelleiro delegado

CUARTO.- Proceder a publicación do convenio no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 8.1.b da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E THE WALT DISNEY COMPANY IBERIA S.L.

En Vigo, na Casa do concello , xx de novembro de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Angel Rivas González, na súa calidade de concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700- H), con dirección na Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades delegadas por Resolución de Alcaldía de data 26 de xuño de 2019

Doutra parte, D. Manuel Muro Brussi, con DNI 5400890- F en representación da mercantil THE WALT DISNEY COMPANY IBERIA, S.L. con CIF B-82764416 e domicilio social en José Bardasano Baos, 9, 28016 Madrid

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a firma deste protocolo,

EXPOÑEN

I.- - A Lei 7/85, do 2 de abril , das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de 2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que o municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo é consciente da crecente importancia do turismo comercial, e, con motivo do Nadal, é unha situación tradicional dotar á cidade de Vigo dunha iluminación especial durante estas festas, dentro da programación cultural que se desenvolve durante estas datas, ao obxecto de realzar a beleza desta, facela máis atractiva para a cidadanía e o visitante e contribuír ao fomento dos intercambios comerciais. Neste sentido o Concello de Vigo tendo en conta estes aspectos decidiu comprometerse na execución dunha política activa de desenvolvemento do turismo comercial de forma que a decoración e iluminación do Nadal converteuse nunha das iniciativas máis recoñecidas, aceptadas e eloxiadas polos comerciantes, a cidadanía e os visitantes, de maneira que non só é unha tradición que ornamenta a cidade senón que ademais contribúe a xerar emprego, incentivar a actividade comercial, o sector hostaleiro, a restauración, o turismo, o uso do transporte público e a dinamización económica local.

II .- Que a Compañía The Walt Disney Company Iberia S.L. (en diante, “Disney”) previu estrear este próximo mes de novembro en España a película Frozen II, como un dos títulos máis esperados de Disney. En 2013, Frozen recadou máis de 1.200 millóns en despacho de billetes a nivel mundial converténdose -nese momento- na quinta película máis taquilleira da historia, a número uno dentro do mundo da animación.

III.- Que ambas as partes están interesadas en colaborar e cooperar na preestrea da película Frozen II que terá lugar na cidade de Vigo. Por todo iso, ambas as partes consideran oportuno subscribir o protocolo xeral de actuación e formalízano conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBJECTO

O presente Convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre o Concello de Vigo e Disney para o desenvolvemento dos actos e eventos que terán lugar con motivo da preestrea da película Frozen II por parte da compañía Disney na cidade de Vigo o día 20 de novembro de 2019 e que contribúen á finalidade do Concello de Vigo para a mellora da promoción do turismo comercial da Cidade de Vigo.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- COMPROMISOS DAS PARTES.-

Para o cumprimento do obxecto do presente convenio as partes asumen os seguintes compromisos.

a) Disney comprométese a:

- Colaborar e participar na proxección da preestrea da película *Frozen II* que terá lugar o día 20 de novembro de 2019 nun cinema da cidade de Vigo a selección da compañía Disney. Disney facilitará a proxección da película, habilitará a sala cinematográfica e producirá as entradas físicas para que o Concello de Vigo adminístreas da forma que considere oportuna.
- Colaborar e participar na organización do denominado "Día Social" que terá lugar o 21 de decembro de 2019 pola mañá no que se proxectará a película cuxa convocatoria e organización producirase a través de diferentes asociacións sen ánimo de lucro que colaboran con diferentes colectivos infantís e o Concello de Vigo. Disney facilitará a proxección da película, habilitará a sala cinematográfica e producirá as entradas físicas para que o Concello de Vigo adminístreas da forma que considere oportuna.
- Colaborar e participar na organización do denominado "Día Disney" que terá lugar o día 23 de novembro de 2019 e que entre outros eventos, conlevará a inauguración dunha rúa da cidade – tramo Rúa Progreso nº1 ata o cruzamento con cálea Doutor Cadaval - que durante a tempada de Nadal terá a denominación de *Frozen II* Vigo. A rúa contará con iluminación propia e diferenciada da iluminación de Nadal promovido polo Concello. Disney encargárase da produción das luces de Nadal da mencionada rúa ás que lle serán de aplicación os mesmos requisitos técnicos que os esixidos polo Concello na decoración do Nadal da cidade. Na rúa *Frozen II* Vigo Disney instalará un recuncho que contará en todo caso cun photocall e ao que poderán asistir se se desen as condicións necesarias estimadas por Disney, en exclusiva, ao acto inaugural artistas caracterizados por personaxes reais da película *Frozen II*.

b) O Concello de Vigo comprométese a:

- Organizar a proxección da preestrea da película *Frozen II* que terá lugar o día 20 de novembro de 2019 nun cinema da cidade de Vigo a selección da compañía Disney. O Concello de Vigo administrará as entradas que Disney facilítelle da forma que considere oportuna.
- Organizar o denominado "Día Social" que terá lugar o 21 de decembro de 2019 pola mañá no que se proxectará a película cuxa convocatoria e organización producirase a través de diferentes asociacións sen ánimo de lucro que colaboran con diferentes colectivos infantís e o Concello de Vigo. As entradas ao devandito pase administraraas o Concello de Vigo da forma que estime oportuna. No mencionado

“Día Social” tamén se programarán actividades dirixidas aos colectivos sociais da cidade.

- Organizar o denominado “Día Disney” que terá lugar o día 23 de novembro de 2019 e que entre outros eventos, conlevará a inauguración dunha rúa da cidade – tramo Rúa Progreso nº1 ata o cruzamento coa rúa Doutor Cadaval- que durante a tempada de Nadal terá a denominación de Frozen II Vigo. A rúa contará con iluminación propia e diferenciada da iluminación de Nadal promovido polo Concello. O Concello de Vigo poñerá ao dispor da compañía Disney a utilización da rúa e concretarase entre ambas as partes o desenvolvemento dos actos da inauguración. O Concello de Vigo permitirá a iluminación da rúa Frozen II Vigo da mesma maneira que o resto de iluminado do Nadal a través da iluminación pública da cidade. Disney contará co mesmo provedor de iluminación que se emprega no resto da cidade para a decoración do Nadal e seranlle de aplicación os mesmos requisitos técnicos que os esixidos polo Concello na decoración do Nadal da cidade. En relación a todas as necesidades de instalación e reservas de espazos, o Concello de Vigo asistirá a Disney na tramitación e presentación de solicitudes necesarias para a obtención e xestión das autorizacións e permisos necesarios referentes ao uso do espazo público conforme a normativa vixente.*
- Colaboración e participación na publicidade da marca Disney en todos os actos promocións do Concello de Vigo con motivo do Nadal e inclusión da canción “Moito máis alá” dentro do repertorio das cancións do Nadal que forman parte do espectáculo lumínico -musical da árbore de Nadal que se instalará na Porta do Sol. Para ese efecto o Concello procederá ao abono dos dereitos de autor que corresponda ás entidades de xestión correspondentes e obterá as licenzas oportunas dos diferentes titulares de dereitos. Así mesmo, o nome da Cidade de Vigo deberá figurar en todo o material promocional para os actos que se celebren en desenvolvemento deste protocolo.*

Tanto o contido como a creatividade de cada un dos elementos promocionais ou de comunicación relacionados co presente convenio ou coas accións que contempla, en calquera das súas formas, requirirá acordo entre as partes previo ao uso ou envío dos citados elementos. Na difusión e publicidade de calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio deberán figurar as dúas entidades asinantes, garantíndose a visibilidade de ambas as en todas as intervencións de calquera forma na que estas se produzan. En todo caso, deberase respectar o disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeneral de publicidade e na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeneral da comunicación audiovisual.

TERCEIRO.- FINANCIACIÓN

A sinatura do presente Convenio non comportará gasto para o Concello de Vigo, excepto o derivado do pago dos dereitos de autor polo uso da música a que se refire o apartado anterior.



Concello de Vigo

Os custos que asumirá Disney pola súa banda limitaranse aos derivados da decoración da rúa e a produción das luces, á produción do photocall na terraza da rúa Progreso, ao aluguer da sala de cinema e a entrega dun máximo de 280 menús compostos por bebida e flocos de millo para o preestreo do 20 de novembro de 2019 e ao aluguer da sala de cine de pase da película Frozen II o 21 de decembro de 2019.

Mediante este convenio Disney queda exento do pago de taxas por ocupación do espazo público e de calquera outro gasto que non quede especificado neste documento.

A posta a disposición de recursos ou medios materiais por ambas as partes en aras á consecución do fin común que se persegue coa subscripción do convenio non supón a asunción de ningunha obriga económica por ningunha das partes, debido a que son medios xa existentes e o seu uso con destino a esta actuación non supón un incremento dos custos destinados aos mesmos, nin implica gastos extraordinarios e a súa utilización non supón achegas dinerarias ou a asunción de compromisos financeiros suxeitas á lexislación vixente en materia orzamentaria, senón que son obrigas a executar que non requiren dunha achega dineraria, o que leva consigo a innecesariedade da súa valoración para os efectos do "impacto económico" a que alude o artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CUARTO.- Publicidade e comunicación. Uso de propiedades das partes.

Ao ser as partes coñecedoras dos valores asociados ás súas respectivas marcas, calquera comunicado ou publicidade do previsto neste acordo ou de calquera dos aspectos do mesmo deberá ser previamente aprobado polas partes por escrito.

En particular, o Concello de Vigo recoñece e acorda que o nome "Disney", as marcas, logos, personaxes e deseños e toda outra propiedade intelectual ou industrial titularidade de DISNEY ou de calquera das compañías pertencentes ao grupo The Walt Disney Company (en diante nesta cláusula, as "Propiedades Disney"), incluíndo sen limitación "Pixar", "Marvel" ou "Star Wars" é extremadamente valioso e que un uso non autorizado ou impropio das Propiedades Disney poderá causar un dano substancial a DISNEY. O Concello de Vigo non utilizará, máis aló do expresamente autorizado por DISNEY, xa sexa de forma directa ou indirecta, as Propiedades Disney en ningunha das súas campañas de publicidade, promoción, comercio ou outros comunicados ou discusións ou para expresar ou implicar calquera tipo de endoso ou proba dos servizos ou produtos do Concello de Vigo ou dun terceiro, de calquera forma ou para calquera propósito, salvo expresa autorización de DISNEY por escrito. A presente prohibición inclúe, sen que iso implique unha limitación, os comunicados de prensa, listas de clientes e calquera publicación do Concello de Vigo.

Os anteriores dereitos detallados nas cláusulas precedentes terminarán na data de finalización do convenio, polo que ningunha das partes poderá realizar ningún uso dos elementos de propiedade intelectual ou industrial da outra parte con posterioridade á finalización do Convenio.

Cada unha das partes conservará a plena titularidade sobre calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial que lles correspondan e unicamente entenderanse

cedidos aqueles dereitos que o sexan de forma expresa e por escrito ao longo da vixencia do mesmo.

Neste sentido, as partes recoñecen a plena titularidade de Disney sobre os elementos que conforman as luces producidas por Disney da rúa Frozen II Vigo, sobre os dereitos de propiedade intelectual da mesma, así como sobre os elementos preexistentes sobre os que se baseará a mesma, como bosquejos, representacións e creacións ou fixacións destas de calquera outro tipo.

QUINTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.-

Constituirase unha Comisión Mixta entre o Concello de Vigo e a Compañía Disney , presidida pola Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue e formada por dous representantes do Concello de Vigo e outros tantos da compañía Disney, actuando como secretario/a, con voz e sen voto, un funcionario/a de o Concello de Vigo.

Os acordos asumidos recolleranse na acta que dará constancia das decisións adoptadas.

- Son funcións desta Comisión Mixta as seguintes:

- a) Estudar e valorar as propostas de actuación*
- b) Resolver as dúbidas de interpretación que poidan derivarse das cláusulas deste Convenio para o bo desenvolvemento do mesmo.*
- c) Efectuar o seguimento dos procedementos administrativos tramitados en desenvolvemento deste Convenio.*

SEXTO.- PROTECCIÓN DE DATOS

Todas as actuacións derivadas da presente colaboración realizaranse con suxeición ao regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e demais normativa que sexa de aplicación en materia de protección de datos.

SÉTIMO.- VIXENCIA DO CONVENIO

presente protocolo terá un prazo de vixencia desde a data da súa sinatura e ata a finalización do programa de nadal 2019-2020 en data 12 de xaneiro de 2020.

Con todo, ambas as partes estudarán a posibilidade de futuras colaboración en proxectos futuros de Disney na cidade.

OITAVO- RESOLUCIÓN



Concello de Vigo

O presente protocolo poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

- 1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.*
- 2. Por mutuo acordo das partes.*
- 3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*
- 4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada con un preaviso de quince días.*

OITAVO.-NATUREZA XURÍDICA E XURISDICCIÓN COMPETENTE EN CASO DE LITIXIO.-

O presente Convenio de colaboración ten carácter administrativo e rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o mesmo atópase excluído do seu ámbito de aplicación xa que o obxecto do convenio non constitúe unha prestación onerosa (intercambio de prestacións) se non, unha colaboración para a consecución dun fin común.

En todo caso, e de conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as dúbidas ou lagoas que na interpretación e execución do presente convenio puidesen suscitarse, resolveranse aplicando os principios contidos na devandita lei.

Todas as cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, modificación, resolución e efectos derivados do cumprimento, interpretación e aplicación do presente convenio que non puidesen ser resoltas polas persoas designadas polas partes como responsables do bo fin do mesmo, serán sometidas aos órganos xudiciais da xurisdición contenciosa administrativa.

E en proba de conformidade co contido do presente convenio, asínano por duplicado as partes na data e lugar indicados na cabeceira, rubricando cada unha das páxinas de que consta.

ANEXO - Uso de Materiais Disney

Disney pode, á súa enteira discreción, proporcionar ou poñer ao disposición do Concello de Vigo logotipos, material cinematográfico, traballo de arte, imaxes de personaxes, gravacións de son, anuncios en calquera soporte, copyrights e outros materiais que Disney considere apropiados (os "Materiais Disney") para o seu uso exclusivo e non transferible por parte do Concello de Vigo cos fins previstos no convenio a que acompaña este anexo (o e no deseño, a creación e o desenvolvemento dos elementos relacionados co mesmo.

O Concello de Vigo non cambiará, modificará nin reproducirá os materiais de Disney e non utilizará (nin autorizará a outros a que o fagan) os Materiais Disney de ningunha maneira que non sexa a que se indica, de forma específica, no convenio e sexa autorizada caso por

caso por Disney. Toda produción de elementos que incorporen ou estean baseados en Materiais Disney ou calquera uso destes, está supeditado á autorización escrita de Disney antes da produción e o uso definitivos.

Os Materiais Disney non poderán ser utilizados en ningún outro contexto ou actividade distinta ao obxecto do convenio ou distinta aos termos en que a autorización fose concedida por TWDC. Unha vez aprobado un uso dos Materiais Disney por Disney conforme ao previsto neste anexo, en caso de resultar necesario, o Concello de Vigo encargará a fabricación ou produción dos elementos que incorporen os Materiais Disney a un dos provedores autorizados de Disney, salvo que Disney acordase outra cousa por escrito.

O Concello de Vigo concluirá os seus propios acordos contractuais co devandito provedor autorizado. Durante o prazo de vixencia de convenio, o Concello de Vigo deberá informar a Disney regularmente do estado de produción dos elementos que incorporen Materiais Disney.

Se o Concello de Vigo contrata ou ten previsto contratar a calquera outro fabricante, vendedor, fábrica, provedor ou outras instalacións (a "Fábrica") para deseñar, producir, procesar, terminar, ensamblar ou embalar calquera elemento que incorpore Materiais Disney, o Concello de Vigo, mediante a presente, comprométese a producir os devanditos artigos de conformidade co Manual do Programa ILS, accesible en www.disneylaborstandards.com. Todos os documentos e a información referidos neste documento están situados e son actualizados de tempo en tempo no Manual do Programa ILS e incorpóranse aos termos deste Convenio.

O Concello de Vigo garante que todo uso e todos os elementos que incorporen Materiais Disney

(a) cumpren e deben cumprir enteiramente con calquera leis, regulamentos e normas, códigos de prácticas, estándares voluntarios da industria, leis asociativas ou outras obrigacións, incluíndo, a título meramente enunciativo, as políticas de calquera comisión, axencia ou outra autoridade gubernamental relacionadas coa seguridade dos produtos de consumo, así como todos os estándares voluntarios da industria que conteñan normas relativas a publicidade, márketing, impostos, dereito laboral, dereito do consumidor, seguridade dos produtos de consumo, dereito da competencia e/ou mercantil; e (b) deben ser seguros para nenos de calquera idade (a menos que se notifique debidamente no artigo ou na súa embalaxe que non é apropiado para nenos de determinada idade).

As autorizacións dadas por Disney conforme a este convenio, sexan de natureza creativa ou relativas a especificacións técnicas, de ningunha maneira limitarán ou atenuarán a completa e total responsabilidade do Concello de Vigo pola calidade e seguridade do uso e os elementos que el provea, nin constituirán ou implicarán unha opinión de Disney sobre a conformidade dos usos e os produtos aprobados coas normas aplicables.

O Concello de Vigo non poderá outorgar dereitos, títulos de propiedade ou intereses sobre ningún copyright nin outros dereitos relativos aos Materiais Disney.

Sen prexuízo do requisito de previa aprobación por escrito de Disney, o Concello de Vigo deberá atender e cumprir en todo momento as guidelines ou guías de uso e estilo que, no



Concello de Vigo

seu caso, Disney lle facilite e que determinan como han de utilizarse as propiedades de Disney incluídas nos Materiais Disney.

En todos os elementos en que se incorporen Materiais Disney, de conformidade con este convenio, deberá figurar nun lugar adecuado a notificación de copyright na forma indicada por Disney.

O Concello de Vigo recoñece e acorda que o nome “Disney”, as marcas, logos, personaxes e deseños e toda outra propiedade intelectual pertencente a Disney ou dalgunha das súas compañías afiliadas ou subsidiarias é extremadamente valiosa e que un uso non autorizado ou impropio da mesma podería causar un dano substancial a Disney.

O Concello de Vigo non utilizará xa sexa en forma directa ou indirecta o nome “Disney” ou calquera variación do mesmo (xa sexa en forma individual, en conxunto ou como parte doutra palabra ou nome) nin o nome de calquera compañía subsidiaria ou afiliada de Disney, como así tampouco ningún dos personaxes ou deseños pertencentes a Disney ou dalgunha das súas compañías relacionadas, afiliadas ou subsidiarias en ningunha das súas campañas de publicidade, promoción, comercio ou outros comunicados ou discusións ou para expresar ou implicar algún tipo de endoso ou proba dos servizos ou produtos do Concello de Vigo ou dun terceiro, xa sexa de calquera forma ou para calquera propósito, salvo expresa autorización de Disney por escrito.

As disposicións deste anexo manteranse vixentes despois do vencemento ou terminación anticipada do Convenio.

20(1011).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez